Por acordo do Pleno do Parlamento do 11 de setembro de 2018, creouse unha comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse, por iniciativa dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego.

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 18 de setembro de 2018, a Mesa, conforme o disposto nos arts. 30.1.2ª e 52.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

1º. Fixar en 12 membros a composición da Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse, que se distribúen entre os grupos parlamentarios do xeito seguinte:

- 7 membros do G. P. Popular de Galicia.
- 2 membros do G. P. de En Marea.
- 2 membros G. P. dos Socialistas de Galicia.
- 1 membro G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Abrir un prazo, que remata ás 18.30 horas do 24 de setembro de 2018, para que os grupos parlamentarios comuniquen cadansúas representacións na comisión.

3º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de setembro de 2018, relativo á creación e composición da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatizacións sobre o sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos necesarios aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC da Estrada (doc. núm. 36845)

Examínase o escrito dos 34 deputados e deputadas pertencentes aos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 bis) do Regulamento do Parlamento de Galicia, a creación dunha comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatizacións sobre o sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos necesarios aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC da Estrada.

A Mesa da Cámara, na reunión do 18 de setembro de 2018, admitiu a trámite o escrito e declarou creada a comisión, ao abeiro do disposto no art. 52.1 bis) do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 18 de setembro de 2018, a Mesa, conforme o establecido no art. 30.1.2.^a do Regulamento do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

1º. Fixar en 12 membros a composición da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatizacións sobre o sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos necesarios aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC da Estrada, que se distribúen entre os grupos parlamentarios do xeito seguinte:

- 7 membros do G. P. Popular de Galicia.
- 2 membros do G. P. de En Marea.
- 2 membros G. P. dos Socialistas de Galicia.
- 1 membro G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Abrir un prazo, que remata ás 18.30 horas do 24 de setembro de 2018, para que os grupos parlamentarios comuniquen cadansúas representacións na comisión.

3º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo e mais o doc. núm. 36845 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º




XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

17 SET. 2018

Núm. 36952

galicia



No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese -no seu primeiro inciso- que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

“Comparencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro do disposto no artigo 151.1 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 33303, sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas, que foi tratada na sesión plenaria do día 11 de setembro de 2018. (10/INT-001111).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo unha cobertura axeitada dos permisos das e dos profesionais que permitan manter os mesmos servizos todo o ano.
- Presentar unha planificación a medio prazo para poder contar con profesionais suficientes naquelas categorías e especialidades onde se evidencie carencias dos mesmos.
- Entregar informe aos Grupos Parlamentarios sobre os datos dos servizos pechados durante o verán e os criterios utilizados.
- Elaborar un Plan de mellora da Atención Primaria, dotándoa de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir políticas de promoción e prevención da saúde, así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora da capacidade decisoria e de xestión.
- Trasladar á Cámara os datos numéricos relativos ás listas de espera non estruturais.



- Atender ás demandas das e dos profesionais dos Puntos de Atención
Continuada.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/09/2018 12:25:41

Luis Villares Naveira na data 14/09/2018 12:25:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.1 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 31746, sobre a xestión da CRTVG, que foi tratada na sesión plenaria do día 11 de setembro de 2018. (10/INT-001057).

MOCIÓN

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

- 1.^a) Crear o Consello de Informativos para cumprir co que marca a Lei 9/2011 de novembro de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia.
- 2.^a) Establecer os mecanismos oportunos de Elección do Director da CRTV para que que sexa substituído por unha persoa avalada por cando menos dous terzos do Parlamento -50 escanos- ou, de non lograrse, por un mínimo de tres quintos -45-” tal e como marcaba a lexislación vixente.
- 3.^a) Poñer en funcionamento “ferramentas normativas eficaces que permitan a erradicación definitiva da inxerencia política nos labores xornalísticos”.
- 4.^a) Cumprir a directiva comunitaria 2010/13 sobre Servizos de comunicación audiovisual e a Carta de Dereitos fundamentais da Unión Europea.



- 5.^a) Elaborar de forma urxente un Plan de igualdade que inclúa protocolos de actuación nos casos de acoso e garanta a igualdade de oportunidades.
- 6.^a) Elaborar o Código de autorregulación de boas prácticas de igualdade de oportunidades e medios de comunicación conforme ao Decreto 2/2015, publicado no DOG nº 32 de 17 de febreiro de 2016.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2018 13:08:11

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2018 13:08:16

Paula Vázquez Verao na data 14/09/2018 13:08:24



Luis Villares Naveira na data 14/09/2018 13:09:36

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 11 de setembro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais (doc. núm.29368).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento das entidades locais galegas.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/09/2018 17:23:07



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/09/2018 17:23:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a fenda de xénero nas carreiras STEM.

Exposición de motivos

Na súa memoria do ano 2017, o Consello Económico e Social advirte de que, malia que as “mulleres galegas presentan uns mellores resultados que os homes en abandono educativo temperá, taxas de rendemento e de idoneidade, titulación universitaria e, en xeral, en practicamente todos os indicadores de rendemento educativo”, continúa existindo unha notable fenda de xénero en termos de salarios e emprego. A isto contribúe o feito de que as rapazas continúan a ter unha presenza moi escasa nas carreiras STEM, isto é, nas carreiras vinculadas á ciencia, á tecnoloxía, á enxeñería e ás matemáticas, unha situación que limita de maneira significativa as súas aspiracións profesionais.

O informe *Descifrar as claves: a educación das nenas e mulleres en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas* elaborado pola UNESCO comeza cunhas palabras ao respecto que cómpre ter moi en conta: “Só 17 mulleres gañaron o Premio Nobel de física, química ou medicina dende que o fixera Marie Curie no ano 1903, o que contrasta cos 572 homes que o acadaron. Hoxe, só o 28% dos investigadores mundiais son mulleres. Semellante disparidade, semellante desigualdade profunda, non sucede por casualidade. Demasiadas rapazas son reprimidas pola discriminación, os prexuízos, as normas sociais e as expectativas



acerca delas que inflúen na calidade da educación que reciben e nas materias que estudan”.

Desta maneira, a desigualdade de xénero que persiste no acceso ás carreiras técnicas e científicas non é unha simple cuestión laboral, senón que atinxe aos propios dereitos humanos das mulleres. A igualdade de tódalas persoas esixe tamén a igualdade de oportunidades, incluíndo, claro está, a igualdade de acceso ao estudo e ao traballo en tódolos campos do coñecemento.

No caso de Galicia, a fenda de xénero en carreiras técnicas era de case o 25% no curso 2015/2016, un 11,9% máis que en 2004/2005, segundo os datos da Conferencia de Reitores Españoles (CRUE).

No curso 2015/2016, 2.987 mulleres cursaban carreiras técnicas, mentres que os homes ascendían a 7.769. O curso pasado a cousa non mudou moito. Das 2.174 persoas que iniciaron unha carreira de enxeñería, só 534 eran mulleres.

Por que sucede isto? Aínda hoxe, cando se discute a cuestión, repítese a escusa de que a fenda existe porque as mulleres obteñen peores resultados nas probas que involucran operacións matemáticas, pero isto é o síntoma, non a causa. As mulleres obteñen peores cualificacións nestes exames porque é o que se espera delas. Así o demostran numerosos estudos ao respecto. As expectativas negativas que depositamos nas mulleres afectan negativamente ao seu rendemento. Agora ben, en iguais circunstancias, rapaces e rapazas sacan as mesmas notas.

Consecuentemente, se pretendemos superar a fenda de xénero na educación, é preciso que eduquemos en igualdade, subliñando os referentes científicos femininos que poidan servir de inspiración ás nenas, non só nas escolas, senón



tamén nos medios de comunicación e no espazo público, xa que a formación das rapazas non se circunscribe só aos centros educativos.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un programa contra a fenda de xénero científica que inclúa, cando menos:

- a) unha campaña institucional de fomento das carreiras STEM nos centros de ensino primario e secundario.
- b) encontros de científicas co alumnado dos centros de ensino primario e secundario co obxectivo de ofrecer exemplos reais de mulleres dedicadas á ciencia.
- c) promoción do coñecemento de científicas pioneiras galegas mediante publicacións especializadas que podan servir de materiais de estudo así como exposicións de carácter máis divulgativo.
- d) un programa de bolsas específico para mulleres que desenvolvan carreiras científicas

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/09/2018 13:16:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/09/2018 13:16:41

Paula Quinteiro Araújo na data 07/09/2018 13:16:51

Luis Villares Naveira na data 07/09/2018 13:17:06

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Ría de Noia padece unha grave problemática medioambiental cun proceso de degradación que ten repercusións sobre os bancos marisqueiros e a pesca. Unha ría chea de refugallos, lixo e augas totalmente contaminadas. Unha das actuacións máis urxentes e necesarias é a retirada de lodos e lama, coa fin de extraer os focos contaminantes e abrir a Ría ás correntes, unha demanda cuxa materialización se agarda desde hai anos.

Tras unha serie de tentativas falladas, o Presidente da Xunta anunciou un proxecto de rexeneración da Ría de Noia cun orzamento de 4,3 millóns de euros até 2020.

Os primeiros traballos de dragaxe na Ría de Noia leváronse a cabo no Peirao do Marqués con moito retraso sobre o anunciado, xa que as obras non comezaron até abril de 2017, cando estaban anunciadas para antes de 2017. As actuacións, cun orzamento de 300.000 euros. foron parciais e insuficientes, como era de prever debido os escasos recursos destinados a tal fin. Ademais, as obras realizáronse con total escurantismo, ocultando información á veciñanza.

O resultado foi que pouco tempo despois a situación da zona onde se levaron adiante estes traballos é practicamente igual á previa realización destes, xa que



volve estar chea de lodos e lama, sen acadar os obxectivos previstos de mellora dos fondos e apertura das correntes.

Recentemente volvía a anunciarse unha nova fase de dragado nunha zona preto da inicial, cunha dotación orzamentaria igual á previa, polo que todo parece indicar que se volverá a realizar unha actuación insuficiente, que non dará os resultados que se precisan, xa que as actuacións parciais non logran rematar coa acumulación de lodos.

O que realmente se precisa para a actuación nesta Ría é un proxecto integral de rexeneración, que se leve adiante nunha única fase e que se realice respectando o medio ambiente e os recursos marisqueiros e pesqueiros da Ría. E para iso resulta imprescindible un estudo de avaliación que identifique as causas da ineficaz intervención anterior para poder corrixir as eivas detectadas, así coma o maior grao de transparencia coa cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e executar un plan integral de saneamento da Ría de Noia que favoreza a recuperación de espazos produtivos para o marisqueo e que garanta a efectiva rexeneración da ría.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira



Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 07/09/2018 13:48:28

Paula Quinteiro Araújo na data 07/09/2018 13:48:42

Luis Villares Naveira na data 07/09/2018 13:49:59



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 20.1.2016 a Dirección General de Sostenibilidade de la costa y el mar facía pública a Resolución pola que se outorgaba a ENCE prórroga da concesión dunha superficie de 373.500 m² con destino a fábrica de Celulosa.

Esta prórroga, concedida por un goberno en funcións, non é unha decisión firme e irreversible. Pola contra, trátase dun acordo revisábel, tendo en conta que están pendentes de resolver recursos pola vía administrativa e xudicial: concretamente no caso do concello de Pontevedra, a administración do Estado non respondeu a un requirimento repositório; e ademais está pendente un recurso contencioso administrativo diante da Audiencia Nacional

Neste marco, e tendo en conta o cambio que se produciu no goberno do Estado a comezos do mes de xuño, cómpre facer valer a posición maioritaria da sociedade pontevedresa representada pola súa corporación municipal, que en reiteradas ocasións adoptou acordos a favor da caducidade da concesión e da recuperación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre que ocupa a fábrica de ENCE.

Pasados máis de tres meses da toma de posesión do novo goberno socialista, é preciso demandar á administración do Estado que responda aos requirimentos repositórios,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 11:36
Nº Rexistro: 36234
Data envío: 10/09/2018 11:36:34.846

ou que subsidiariamente se achande ás demandas do concello de Pontevedra na vía administrativa.

É necesario que o PSOE cumpra os seus compromisos e que actúe con determinación e valentía para levar adiante desde a administración do Estado o que leva defendendo no pleno do concello de Pontevedra e no Parlamento galego.

2. Mais ao mesmo tempo cómpre mirar máis lonxe: ademais de adoptar as medidas necesarias para evitar a consolidación do complexo industrial ENCE, a Xunta de Galiza debe velar pola aplicación das directrices recollidas nas DOT e no POL.

No caso das Directrices de Ordenación do Territorio, prevén para os terreos ocupados pola pasteira a “Reordenación de usos, co traslado cara a outros emprazamentos de instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar”.

No caso do Plan de Ordenación do Litoral, a súa Disposición Adicional Terceira caracteriza os terreos ocupados pola fábrica como “Área de Mellora Paisaxística”.

O POL establece que “O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización no horizonte do ano 2018”.

Asemade, neste plan prevese a redacción dun instrumento de ordenación territorial e urbanístico que faga posíbel a rexeneración, a restauración e a reordenación deste ámbito:

“O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Tendo en conta o anterior, deberíase desbotar calquera decisión que consolide a situación actual e que dificulte as posíbeis accións para reverter a prórroga concedida a ENCE. En consecuencia, deberase paralizar e desbotar a modificación do Proxecto sectorial de Incidencia Supramunicipal, que foi publicado no DOG do 14 do 12 de 2012, con posterioridade ás DOT (DOG do 22 de febreiro de 2011) e ao POL (DOG do 23 de febreiro de 2011). Esta modificación ten como obxectivo achandar o terreo para a construción dunha planta de biomasa, unha instalación que, ademais do forte impacto visual e paisaxístico, terá un efecto negativo nos montes da contorna.

4. En definitiva, estamos diante dunha oportunidade histórica para poñer fin a unha desfeita da ría perpetrada en Lourizán durante o franquismo e continuada despois, prórroga incluída. Estamos diante dunha oportunidade para iniciar unha nova etapa de respecto polo medio, de reconciliación coa contorna e de devolución a Pontevedra do que en xustiza lle corresponde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1. Desbotar a tramitación da modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de ENCE en Lourizán, por contravir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

2. Iniciar o procedemento de redacción do instrumento urbanístico ou de ordenación territorial máis acaído para a rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupado pola empresa ENCE.

3. Dirixirse ao goberno do Estado para que revise o acordo adoptado o 20 de xaneiro de 2016 por un goberno en funcións, anulando a prórroga da concesión a ENCE de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 11:36
Nº Rexistro: 36234
Data envío: 10/09/2018 11:36:34.846

373.500 m2 de terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán. Ou no seu defecto que responda ao requirimento repositório presentado polo concello de Pontevedra ou que se achande ás demandas do concello de Pontevedra na vía administrativa.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2018 11:34:45

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2018 11:34:50

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2018 11:34:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2018 11:34:55



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2018 11:36
Nº Rexistro: 36234
Data envío: 10/09/2018 11:36:34.846

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2018 11:34:58

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2018 11:35:00

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Ministerio Fiscal é un órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia que responde exclusivamente a criterios de legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia.

Trátase dun órgano estatal dependente do Ministerio de Xustiza, máis os medios persoais e materiais son competencia do Goberno galego, que debería cumprir o seu propio Decreto 124/2014, de 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía. Non o fai. Na última Memoria da Fiscalía Superior de Galicia, os datos resúmense na reclamación de 17 novos funcionarios e no nomeamento de só un por parte do Goberno, que mesmo chegou a recoñecer en comisión a insuficiencia de medios, como para a Fiscalía de Santiago de Compostela.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir o Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/09/2018 13:03:50

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/09/2018 13:03:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/09/2018 13:04:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/09/2018 13:04:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araujo e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte *Proposición non de lei para o seu debate en Pleno*.

Exposición de motivos

Hoxe, día 10 de setembro, arrinca a campaña marisqueira en Noia sen que os permex de marisqueiro a pé, solicitados fai xa catro meses, fosen concedidos.

Esta situación afecta a máis de 220 traballadoras e traballadores que permanecen pendentes de que a Xunta resolva o proceso das solicitudes, cuxo prazo de reclamación finaliza mañá día 11.

Cabe destacar que as persoas que son admitidas para estes permex son parados de longa duración que necesitan os ingresos procedentes desta actividade para sacar adiante ás súas familias

Isto xa ocorreu en 2015, cando os traballadores que solicitaron os seus permisos para a explotación a pé non recibiran os seus permisos ao comezo da devandita campaña. Non desexamos que, como naquela ocasión, se trate desde a administración de culpabilizar aos traballadores das demoras producidas na campaña, cando obviamente non é así.

Estamos por tanto, ante un novo episodio de incumprimentos dos prazos legais



por parte da Xunta, ao non contestar a solicitude deses permisos nos tres meses que marca a lei. Un episodio de incumprimento que repercute directamente na seguridade económica e xurídica de centos de familias que deben afrontar unha das costas de setembro máis duras dos últimos anos, marcada por unha subida dos prezos da enerxía eléctrica, os combustibles e os alimentos, xunto cos gastos habituais de cada inicio do curso escolar, cunha inmensa incerteza.

Non entendemos estas demoras, máxime cando falamos de 54 permisos, unha cifra reducida que non debería supoñer unha carga de traballo para a administración tan elevada como para xustificar as devanditas demoras na resposta ás reclamacións e solicitudes de permisos destas persoas, que non puideron incorporarse á campaña por este motivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Resolver con carácter inmediato, as reclamacións e solicitudes de permisos de explotación a pé pendentes de resposta para esta campaña e publicar a lista definitiva.
- 2.- Articular os mecanismos necesarios para que esta situación xa recorrente non volva repetirse no futuro.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.



Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Voceira s. e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 10/09/2018 17:31:20

Paula Quinteiro Araújo na data 10/09/2018 17:31:29

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/09/2018 17:32:03

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Soraya Salorio Porral e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A cidade da Coruña vén demandando desde hai anos a mellora dos accesos á cidade e ao seu aeroporto desde a AP-9. Unha mellora que facilite os accesos, minimize os atascos e, polo tanto, tamén a contaminación pero, sobre todo, que permita gañar seguridade viaria e accesibilidade metropolitana: conectando Cambre e Oleiros coa Coruña, Culleredo e Arteixo a través do Vial 18, creando xunto coa Cuarta Ronda, unha verdadeira ronda metropolitana; pero tamén mellores accesos ao aeroporto e ao porto exterior.

No caso do Vial 18, en novembro de 2017 definiuse un novo proxecto de trazado, coa previsión de que unha vez aprobados os Orzamentos Xerais do Estado para 2018 puidese tramitarse de novo a declaración de impacto ambiental.

Os vixentes Orzamentos Xerais do Estado para 2018, xa aprobados e operativos desde xuño, recollen unha partida específica de 18 millóns de euros para as obras do Vial 18, suficientes para continuar cos trámites pendentes.

Dada a importancia estratéxica desta obra e a urxencia da necesidade por seguridade viaria e para evitar os habituais accidentes e atascos continuos nos accesos á Coruña, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Fomento do Goberno de España para solicitar a tramitación urxente da declaración de impacto ambiental do Vial 18 na Coruña”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/09/2018 11:05:18

Martín Fernández Prado na data 11/09/2018 11:05:26

Jaime Castiñeira Broz na data 11/09/2018 11:05:36

Jacobo Moreira Ferro na data 11/09/2018 11:05:42

Marta Novoa Iglesias na data 11/09/2018 11:05:52

María Julia Rodríguez Barreira na data 11/09/2018 11:05:59

Gonzalo Trenor López na data 11/09/2018 11:06:06

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 11/09/2018 11:06:15

María Soraya Salorio Porral na data 11/09/2018 11:06:23

Diego Calvo Pouso na data 11/09/2018 11:06:30

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A cidade da Coruña vén demandando desde hai anos a mellora e ampliación dos accesos á cidade desde a AP-9, a coñecida como Alfonso Molina, unha ampliación que facilite os accesos, minimize os atascos e, polo tanto, tamén a contaminación pero, sobre todo, que permita gañar seguridade viaria.

A chegada ao Goberno municipal do equipo de goberno da Marea, caracterizouse polas trabas postas desde o Concello ao Ministerio de Fomento, con peticións que ían en contra da seguridade viaria, e con atrancos que fixeron que na actualidade aínda esteamos nun punto de tramitación anterior ao ano 2014 ao ter que cambiar o proxecto o Ministerio de Fomento.

Estes atrancos fixeron que esta obra, que debería de ser coetánea coas de ampliación da Ponte de Rande ou coa da circunvalación de Santiago, estea aínda sen licitar cando as outras obras referidas están xa rematadas e en uso.

Finalmente, na segunda quincena de marzo de 2018, publicouse a mellora da capacidade e integración ambiental cun orzamento de 19,07 millóns de euros e dividido en tres proxectos.

Os vixentes Orzamentos Xerais do Estado para 2018, xa aprobados e operativos desde hai meses, recollen unha partida específica para as obras de ampliación e mellora dos accesos da AP-9 na Coruña, a través de Alfonso Molina, suficientes para continuar cos trámites pendentes e poder licitar algún dos tres proxectos durante este ano 2018.

Dada a urxencia da necesidade desta obra, por seguridade viaria e por funcionalidade, para evitar os habituais accidentes e atascos continuos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Fomento para solicitarlle:

- 1.- A urxente aprobación dos tres proxectos vinculados á ampliación de capacidade da entrada da AP-9 na Coruña en Alfonso Molina.
- 2.- A licitación, durante este ano 2018, de a lo menos o proxecto da pasarela de Pedralonga, que pode ser licitada de forma independente.
- 3.- Que concrete có Concello da Coruña a cesión dos terreos municipais necesarios para a ampliación de capacidade da entrada da AP-9 na Coruña en Alfonso Molina e a sinatura dun convenio de expropiacións específico”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/09/2018 11:00:29

Martín Fernández Prado na data 11/09/2018 11:00:39

Jaime Castiñeira Broz na data 11/09/2018 11:00:48

Jacobo Moreira Ferro na data 11/09/2018 11:00:56

Marta Novoa Iglesias na data 11/09/2018 11:01:06

María Julia Rodríguez Barreira na data 11/09/2018 11:01:14

Gonzalo Trenor López na data 11/09/2018 11:01:27

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 11/09/2018 11:01:36

Diego Calvo Pouso na data 11/09/2018 11:01:45

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os continuos estragos producidos polo xabaril que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, coma a vide ou a castaña.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os lumes, especialmente cando se abandonan as agras nos contornos das casas, onde deixan de facer as funcións dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndolas en risco de desaparición (aves, réptiles, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo riscos zoonosanitarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonosis das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina, etc.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que se queiran asegurar ante este risco.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estes ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como ás necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo os concellos, como administracións máis próximas, expresando as súas inquiredanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabarís, un mamífero con gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo iso facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar antes de que remate este ano, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.

2º) Redactar e poñer en marcha no primeiro trimestre de 2019 un plan de xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandería, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.



Grupo Parlamentario

3º) Proceder a reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de ordenación cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4º) Poñer en marcha o Fondo de corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de caza de Galicia, así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/09/2018 11:12:14

Raúl Fernández Fernández na data 11/09/2018 11:12:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2018 11:12:34

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nas obras do Plan Director para a ampliación do CHUF, está contemplado eliminar un carril da Rúa Irmandade doadores de sangue, formada por dous carrís e que serve de acceso para o Hospital Arquitecto Marcide, pero tamén como enlace para o Hospital Naval, constituíndo unha das principais vías de acceso do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e no que tamén existen actualmente prazas de aparcadoiro.

Ante tales actuacións, resulta totalmente necesario garantir igualmente o mantemento das prazas de aparcadoiro e non deixar reducido un acceso tan importante a un único carril, polo que unha ampliación sería a actuación máis axeitada, tendo en conta que nesa mesma rúa, están situados dous centros dependentes das Consellerías de educación e política social, que podían retranquear a súa entrada, permitindo dita ampliación.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a comprometerse á ampliación do vial da R/ Irmandade doadores de sangue no convenio entre Xunta e Concello para os accesos ao CHUF, logo da ampliación do Hospital.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2018 12:59:02

Luis Villares Naveira na data 11/09/2018 12:59:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á corrección da deturpación do topónimo de Ourense na sinalización viaria autonómica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos aspectos onde a represión lingüística, especialmente a impulsada na ditadura franquista, tivo un grande impacto no noso país. Un dos aspectos que mellor a reflicten é o da deturpación da toponimia.

Sobre o papel, desde a aprobación do Estatuto de Autonomía, Galiza foi desenvolvendo instrumentos diversos para recuperar e restaurar ámbitos de uso para a lingua. Máis aínda, colectivos sociais e culturais teñen desenvolvido unha importantísima labor neste ámbito. Así mesmo, as recomendacións internacionais a prol da diversidade lingüística e da protección das linguas minorizadas e minoritarias contempla a necesidade de salvagarda dos nomes propios e de lugares, mesmo as propias Nacións Unidas teñen ditado recomendacións ao respecto.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2018 13:14
Nº Rexistro: 36334
Data envío: 11/09/2018 13:14:31.161

No marco desta evolución, a propia Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos e senta os vieiros legais para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza."

A pesares da normativa existente, distintas entidades públicas e privadas seguen a vulnerala sistematicamente. Téñense dado pasos adiante, grazas ao labor de entidades como A Mesa pola Normalización lingüística e outros colectivos sociais e culturais.

Porén, malia este esforzo, continúa sendo norma que os topónimos sexan deturpados. Froito do desatendemento das administracións e da vontade recentralizadora do Estado, continúa a haber moitas mostras de deturpación dos nomes e numerosos incumprimentos da lexislación vixente. De forma especialmente preocupante, chama a atención que o topónimo Ourense sexa mal empregado pola propia administración, sendo un caso particularmente insultante o de Renfe-Adif e o Ministerio de Fomento. Máis aínda, a propia Xunta de Galiza está a deixar moito que desexar canto ao cumprimento da norma, tanto na súa defensa diante do Estado e das entidades privadas como nos ámbitos que lle son competencia.

Recentemente este Grupo Parlamentar recibiu unha denuncia veciñal sobre o uso deturpado do topónimo Ourense na estrada de titularidade galega



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2018 13:14
Nº Rexistro: 36334
Data envío: 11/09/2018 13:14:31.161

OU-536, que une Ourense e Trives, ao seu paso pola cidade, á altura do barrio das Lagoas.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos absolutamente a preocupación deste veciño, e polos motivos expostos presentamos a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Corrixir de forma inmediata o topónimo deturpado de Ourense na estrada OU-536 que une Ourense e Trives e revisar todas aquelas da súa competencia.

2. Dirixirse ao goberno central para recordarlle a normativa vixente e instalo a restaurar as formas correctas dos topónimos galegos en todas as súas institucións e comunicacións, de forma particular no referente a Fomento. No caso de non obter rectificación, emprender as accións legais oportunas.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2018 13:14
Nº Rexistro: 36334

Data envío: 11/09/2018 13:14:31.161

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2018 13:11:43

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2018 13:11:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2018 13:11:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2018 13:11:52

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2018 13:11:53

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2018 13:11:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No Concello de Vilaboa existen decenas de casas ameazadas con ser derrubadas se non se pon pronta solución á súa situación urbanística. Existen varios expedientes abertos pola APLU, mesmo un destes expedientes derivou en denuncia administrativa que chegou á vía xudicial coa petición da fiscalía dunha condena de dous anos de prisión, 6000 euros de multa e o derrubo da vivenda, por un delito contra a ordenación do territorio.

A inseguridade xurídica coa que se vén operando en Galicia durante tantos anos, cunha administración que non ten feito ben o seu traballo nesta materia, é ben coñecida por todas. A Lei 2/2016 do solo de Galicia presentouse como un avance neste sentido, máis constantes modificacións amosan a continuidade da inseguridade xurídica á que a administración somete á súa cidadanía aínda a día de hoxe.

Neste contexto moitos concellos veñen demorando durante moitos anos a aprobación do seu PXOM sen contar coa axuda da administración Galega, que nalgúns casos, máis ben se ben dedicando a poñer paus nas rodas, consciente ou inconscientemente, máis o problema está aí.



O pasado mes de xullo houbo unha reunión entre a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Ribas, e o alcalde de Vilaboa, José Luís Poceiro, xunto con técnicos de ambas administracións para analizar os seguintes pasos a dar, coa finalidade de buscar unha solución á situación actual, acadando a aprobación parcial do plan de urbanismo por parte da Xunta.

Esta xuntanza realizouse uns días despois de que Augas de Galicia anunciase que o informe sobre o abastecemento aos núcleos do municipio será aprobado, o que permite seguir adiante coa validación definitiva do plan.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1- Axilizar os trámites para a aprobación do PXOM de Vilaboa.
- 2- Non realizar ningunha actuación que afecte ás casas en situación de ilegalidade mentres non estea rematado o proceso de aprobación de dito PXOM.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Antón Sánchez García

Deputadas e Voceiro s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 13:53:47

Antón Sánchez García na data 11/09/2018 13:53:56

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/09/2018 13:54:09

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Vía Verde do Salnés pretende converter o antigo trazado ferroviario entre Vilagarcía, Caldas e Portas nun paseo para peóns e bicicletas que sexa respectuoso coa contorna natural. O proxecto conta cun orzamento total de 565.533 euros para acondicionar 9.195 metros, 1.795 que atravesarían Vilagarcía, 4.917 que transcorrerían por Caldas de Reis e 2.483 que percorrerían Portas.

O camiño partiría de Abelle, na parroquia de Rubiáns, e chegaría ata a estación de Portas, preto da vella azucreira. Entre as obras proxectadas cómpre sinalar a adecuación dos accesos, a creación de miradores e a habilitación de áreas de descanso equipadas con sinalización informativa e elementos auxiliares como bancos, mesas, e papeleiras. Tamén se levarían a cabo obras de drenaxe e reforestación ao longo de toda a senda e se facilitaría a incorporación á vía verde por diferentes puntos do trazado para que non fora obrigatorio comezar o percorrido polos extremos.

Na ruta destaca a ponte de ferro que cruza o Umia, un exemplo da mellor enxeñería ferroviaria do XIX. Trátase dunha estrutura de 64 metros de longo e 3



vanos que sería acondicionada para adecuala ao tránsito de persoas e cicloturistas.

O proxecto da Vía Verde foi promovido polos concellos de Vilagarcía, Caldas de Reis e Portas e atópase xa nunha fase avanzada. A Deputación de Pontevedra está a piques de rematar a parte que cofinancia cos municipios e pronto poderá saír a licitación. Porén, a Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente gardan un escrupuloso silencio acerca da parte que lles corresponde financiar e sacar a contratación. Os alcaldes non saben nada do Goberno autonómico dende marzo, cando a Directora Xeral de Patrimonio Natural propuxo contribuír ao proxecto co 35% da financiación (uns 200.000 euros).

Na reunión de marzo a Xunta asumiu a rehabilitación da ponte do Umia, da adquisición de mobiliario e da sinalización do paseo para peóns e ciclistas. Meses máis tarde, descoñécese cal é o estado de tramitación desta parte do proxecto.

Dado que non existe ningunha razón obxectiva para que o Goberno da Xunta paralice as obras da Vía do Salnés e, moito menos, para que permaneza en silencio ao respecto, é a súa obriga retomar o contacto cos concellos e levar a cabo o prometido.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar os compromisos adquiridos cos concellos de Vilagarcía, Caldas e Portas para a realización do proxecto da Vía do Salnés.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.



Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 17:02:58

Antón Sánchez García na data 11/09/2018 17:03:08

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Isabel Novo Fariña, Marta Rodríguez Arias, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Manter as infraestruturas en boas condicións é algo esencial e prioritario para garantir a seguridade dos usuarios. Sendo isto algo coñecido e recoñecido por todos, ten cobrado especial actualidade tras os acontecementos ocorridos recentemente: o derrubamento da ponte Morandi, en Italia; ou o colapso da estrutura que soportaba un concerto no marco do festival *O Marisquiño*, en Vigo.

Sucesos coma estes poñen de relevo a necesidade de que as administracións públicas titulares das distintas infraestruturas realicen un axeitado seguimento do seu estado de conservación, con inspección constantes e rutinarias, e levando a cabo as actuacións que se deriven deses recoñecementos, ao obxecto de evitar problemas futuros.

No eido concreto das infraestruturas viarias, sabemos que desde o Goberno galego se veñen realizando actuacións de inspeccións periódicas e constantes en todas as estruturas da rede de estradas de titularidade autonómica. Un control permanente e actuacións de mantemento preventivo importantísimas de cara a garantir a seguridade dos usuarios e tamén de cara a aumentar a vida útil destas infraestruturas.

A este respecto tamén é coñecido que o actual estado de conservación da Ponte de Catoira, no que non existe dúbida competencial algunha sobre a súa titularidade provincial, xa que corresponde ás Deputacións Provinciais da Coruña e de Pontevedra, ten sido obxecto de debate en máis dunha ocasión, ante a falta de coidado e mantemento por parte dos dous organismos implicados, titulares da estrada que atravesa esta ponte.

Desde este Grupo Parlamentario consideramos necesario que as Deputacións Provinciais da Coruña e de Pontevedra, como responsables desta infraestrutura, abandonen a súa actitude de deixamento e cumpran co seu compromiso de velar polo bo estado da ponte. Resulta urxente e prioritario que as dúas Deputacións Provinciais se poñan mans á obra e leven a cabo as intervencións necesarias de cara a garantir que a Ponte de Catoira estea en óptimas condicións para os usuarios.

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Deputación Provincial da Coruña e á Deputación Provincial de Pontevedra para que, como organismos titulares da Ponte de Catoira, acometan as actuacións necesarias para garantir o bo estado desta infraestrutura.

Especificamente, precísase que as Deputacións Provinciais da Coruña e de Pontevedra:

- Realicen urxentemente unha análise estrutural en profundidade e executen as obras que dela se deriven.
- O compromiso de establecer un calendario de inspeccións periódicas a futuro.

Todo de cara a garantir a seguridade viaria dos usuarios e a calidade da propia ponte, asegurando tamén así a súa durabilidade”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/09/2018 12:14:28

Martín Fernández Prado na data 12/09/2018 12:14:36

María Isabel Novo Fariña na data 12/09/2018 12:15:14

Marta Rodríguez Arias na data 12/09/2018 12:15:28

Jaime Castiñeira Broz na data 12/09/2018 12:15:45

Jacobo Moreira Ferro na data 12/09/2018 12:15:53

Marta Novoa Iglesias na data 12/09/2018 12:16:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Julia Rodríguez Barreira na data 12/09/2018 12:16:28

Gonzalo Trenor López na data 12/09/2018 12:16:42

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 12/09/2018 12:16:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á resolución de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo.

Exposición de motivos

No último ano, a situación do lobo en Galicia estase tornando insostible. Por unha banda os propios datos da Consellería de Medio Ambiente confirman un ascenso brutal dos danos á gandería. Do 2015 ao 2017 duplicáronse o número de animais mortos polo lobo. Este aumento non se ten traducido en medidas por parte da Xunta de Galicia.

Neste contexto hai que volver ao Plan de Xestión do Lobo que é a ferramenta que dispoñemos para traballar e o marco lexislativo no que nos movemos. De todas as medidas que alí se describen na actualidade estanse a realizar unicamente os pagos por danos tendo en conta o anuncio da propia Consellería de non convocar as axudas para a prevención de danos no 2018 e a falta de divulgación e investigación.

A falta de planificación e compromiso da Consellería fai que os principais investimentos en prevención queden esquecidos.



O Plan de Xestión establece toda unha serie de medidas de acompañamento, asesoramento, divulgación e investigación tanto do lobo como especie como das medidas que se deben tomar para unha correcta convivencia.

No ano pasado, o 30 de novembro empezáronse a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril. Todas elas teñen un prazo de xustificación que remata o 11 de decembro.

A resolución deixaba, no mellor dos casos, 10 días naturais para facer os trámites necesarios (sempre e cando se recibira a carta certificada onte e non o luns que vén).

Na práctica, con dous fins de semana e dous festivos nacionais polo medio, os gandeiros/as dispoñían de 6 días para poder mercar, pagar, identificar, certificar os investimentos e xustificar a axuda, como por exemplo, un cachorro de mastín.

Esta situación non é unha novidade para a Xunta de Galicia, xa que o ano pasado aconteceu exactamente o mesmo. Distintos colectivos, asociacións gandeiras e sindicatos tiveron xuntanzas e presentaron propostas para mellorar a xestión das axudas, tanto na forma (os tempos) como no fondo (investimentos e criterios de priorización).

A tramitación dos expedientes foi levada unicamente polos servizos centrais de Santiago (as delegacións territoriais non puideron tramitar os expedientes).

Como é lóxico entre comprobacións e requirimentos de documentación a resolución non se puido realizar ata os últimos días de novembro.

Noutros, por problemas na comprobación dos datos internos da administración, consideráronse explotacións de autoconsumo a ganderías con máis de 100 vacas. Todo isto era xa un síntoma claro da mala xestión destas axudas nas que, por



fortuna, os funcionarios da consellería puxeron da súa parte e atenderon sempre todas as nosas consultas e nos facilitaron o traballo.

Esta mala planificación, así como no retraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica un problema, o da convivencia coa fauna salvaxe, no que os primeiros damnificados son os habitantes do rural, así como a propia fauna.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Sacar unha nova liña de subvencións onde se recollan os seguintes puntos:

a. Publicar as axudas a comezo de ano e permitir a solicitude das mesmas durante varios meses para non condicionar a realización dos investimentos por parte do petionario (en especial para a adquisición de cans mastíns).

b. Engadir outros investimentos que agora non están contemplados e que son imprescindibles para a protección do gando como son os peches fixos con malla ovelleira e arames electrificados, así como a inclusión dos custes de mantemento dos mastíns.

c. Excluir dos investimentos asignados a cans de garda e protección, as razas de pastoreo ou “careo” como son o Careo Leonés ou o Can de Palleiro. Consideramos que estas son razas de pastoreo que serven para guiar o gando e non para protexelo.

2. Reunirse co sector agrogandeiro e cos grupos e entidades que promulgan a convivencia entre a actividade humana no rural e a fauna salvaxe para tratar de



adaptar o marco lexislativo actual en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial sobre a problemática do lobo.

3. Aumentar o investimento neste 2018 da axuda para a prevención de danos ou para a divulgación, asesoramento e/ou investigación.

4. Solicitar á Consellería de Medio Ambiente que garanta a participación de distintas organizacións que están a defender dende un punto de vista conciliador a supervivencia dun sector cada día máis debilitado na anunciada orde de prevención do 2019 para poder aportar o seu coñecemento nesta materia.

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2018

Asdo.: David Rodríguez Estévez

Antón Sanchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2018 13:10:29

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 13:10:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada Paula Quintero Araujo e dos seus deputados Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para prever e xestionar futuras secas trala escaseza de auga do ano pasado.

Exposición de motivos

A seca que padecemos o ano pasado non foi un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. O quentamento global é unha realidade cuxos efectos comezamos a sentir agora de xeito contundente. Por esa razón, é preciso que adoptemos medidas preventivas a medio e a longo prazo co fin de atallalo e de minimizar os seus efectos negativos nas nosas vidas.

Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu recente informe de 2017 “insta a impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público”.

As necesidades deste plans queda patente tralos efectos funestos que tivo a seca do ano pasado na economía galega. A recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%, os gandeiros tiveron que recorrer no verán aos pastos que estaban gardando para o inverno, a produción de castaña



viuse reducida en 6.000 toneladas só na provincia de Ourense e a produción hidroeléctrica caeu un 70%.

Ante isto, a Xunta de Galicia respondeu facendo gala dunha improvisación inaceptable, sen adoptar protocolos claros e efectivos de actuación. Isto ten que cambiar de inmediato polo menos a dous niveis.

Por unha banda, é preciso levar a cabo campañas de loita contra o cambio climático para evitar que o clima galego extreme aínda máis as súas condicións. O cambio climático xa non é unha ameaza abstracta da que alertan os científicos dende as universidades, senón que é una realidade que ten que ser combatida con políticas a longo prazo. Isto é algo que lle debemos ás xeracións futuras.

Por outra banda, é necesario constituír una mesa de diálogo na que participen os principais actores afectados pola seca para debater propostas que permitan paliar os seus danos agora, pero tamén para deseñar estratexias e protocolos que permitan abordar situacións similares nos anos vindeiros.

Polo todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a asumir as recomendacións do Consello Económico e Social e impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público, contando para elo cos actores máis expostos aos riscos da seca.

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2018



Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputadas e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 12/09/2018 13:31:35

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2018 13:31:55

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 13:32:11

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez e dos seus deputados Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A toponimia constitúe unha riqueza e un patrimonio inmaterial do noso pobo, un pilar fundamental da nosa identidade colectiva.

Na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese, no seu artigo 10, que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, que corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia, e que estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. Ademais, a Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

A pesar do recollido nesta normativa é habitual que moitos topónimos sexan deturpados.

No caso da provincia de Ourense as formas oficiais veñen recollidas no Decreto 332/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Ourense.



Recentemente recibíamos unha denuncia dunha sinalización errada na estrada de titulación autonómica Ou-536 (Ourense- A Pobra de Trives). É responsabilidade da Xunta de Galicia realizar as correccións necesarias e deben levarse a cabo de maneira urxente.

Polo anterior exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar todos os topónimos deturpados nas sinalizacións que son de responsabilidade da Xunta de Galicia.
2. Realizar un estudo para detectar as deturpacións da toponimia na sinalética viaria de Galicia.
3. Instar ao Ministerio de Fomento a corrixir os topónimos deturpados en vías da súa competencia.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:



Paula Quinteiro Araújo na data 12/09/2018 14:25:03

Paula Vázquez Verao na data 12/09/2018 14:25:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 14:25:15

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 14:25:18

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2018 14:25:25

Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 14:25:34

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Marián García Míguez, Raquel Arias Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

Na Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada o 17 de xaneiro de 2017, acordouse a constitución da Comisión para a análise do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia co propósito de analizar o estado do sistema, melloralo e avaliar a súa adecuación ás necesidades das prestacións asociadas á dependencia.

No Consello de Ministros do 10 de febreiro de 2017 apróbbase a creación da Comisión que, como resultado dos seus traballos, elabora un Informe que traslada ao Consello Territorial para o seu exame e adopción dos acordos que procedan.

Entre as principais conclusións deste Informe elaborado pola Comisión, destaca:

- A revisión do sistema de financiamento para que teña en conta a situación daquelas Comunidades Autónomas que polas características do seu territorio, dispersión xeográfica, singularidade e outros factores, presentan maiores dificultades para a prestación de servizos.
- Garantir a recuperación da equivalencia dos esforzos financeiros da Administración Xeral do Estado e das Comunidades Autónomas.
- A revisión en profundidade da Lei 39/2006, en base á experiencia acumulada, co fin de adaptala ás demandas da cidadanía.

Segundo o último informe do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social correspondente ao mes de xuño deste ano, Galicia rexistra un notable impulso na atención á dependencia nos últimos anos.

A nosa Comunidade pasou dunha ratio de atención do 61,5% en outubro de 2015 a unha ratio do 85,75% en xuño deste ano, o que sitúa a Galicia cinco puntos por riba da media do Estado. Isto significa que, en menos de tres anos, Galicia incrementou a cobertura en máis dun 23%.

Este esforzo de atención ás persoas en situación de dependencia é posible debido ao incremento dos recursos económicos destinados para este fin nos últimos nove anos. En 2018 a Xunta destina 360 millóns de euros para a dependencia, o que supón un incremento de máis de 30 millóns de euros en relación ao pasado ano.

O Goberno Galego ven de dar un novo impulso na atención ás persoas en situación de dependencia. O pasado 7 de agosto presentouse o Plan de Apoio á Dependencia, que permitirá ampliar a cobertura a máis de 60.000 persoas antes de que remate este ano, e contará cun investimento de 21 millóns de euros. Para elo, a Xunta de Galicia creará o Bono Autonomía en Residencia e reforzará o Servizo de Axuda no Fogar.

En relación ás prazas públicas residencias, na actualidade Galicia con 7.820 prazas residencias públicas ou financiadas con fondos públicos, o que supón un 40% máis das prazas existentes no ano 2009. Este ano está prevista a posta en servizo dun total de nove residencias públicas cun total de 160 prazas.

En relación ao Servizo de Axuda no Fogar, na actualidade máis de 21.600 galego de galegas son usuarias deste servizo, o que representa máis de 32% das prestacións totais do Servizo de Atención á Dependencia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando a atención ás persoas en situación de dependencia a través das seguintes actuacións:

1. Avanzar no compromiso do Estado e Comunidades Autónomas dun novo sistema de financiamento da Dependencia que teña en conta os diferentes servizos que se prestan e o seu custo, de acordo coas características que presenta Galicia en canto a porcentaxe de persoas maiores e dispersión.
2. Acordar co Goberno do Estado o incremento dos fondos co fin de mellorar os servizos e prestacións, así como para poder atender ao cen por cen das persoas

que teñen recoñecida a situación de dependencia e están agardando, avanzando na recuperación da equivalencia dos esforzos financeiros entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

3. Continuar reforzando o Servizo de Axuda no Fogar a través dos concellos, distribuíndo o número de horas atendendo as súas necesidades”.

Santiago de Compostela 12 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/09/2018 14:52:41

Marta Rodríguez Arias na data 12/09/2018 14:52:56

María Soraya Salorio Porral na data 12/09/2018 14:53:12

María Ángeles García Míguez na data 12/09/2018 14:53:42

Raquel Arias Rodríguez na data 12/09/2018 14:53:49

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/09/2018 14:54:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/09/2018 14:54:09

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 12/09/2018 14:54:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/09/2018 14:54:26

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a aplicación do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia a Comunidade ten a competencia exclusiva na promoción e ordenación do turismo. Nese senso cabe entender a necesidade dunha actuación decisiva do goberno galego coa fin de ordenar e garantir a viabilidade deste sector chave da economía galega. Así como na necesidade de garantir a convivencia axeitada nos nosos pobos e cidades.

Neste senso, un dos problemas que máis preocupan nos últimos tempos é o da proliferación de vivendas turísticas ilegais. A problemática asociada a esta actividade ilegal é numerosa. Dunha banda cómpre falar do diñeiro furtado ás arcas públicas toda vez que se tratan de negocios invisibles. Mais tamén se relaciona coa expulsión da poboación autóctona, a carestía dos prezos de alugueiro, e dos servizos, en definitiva, a substitución do uso residencial de certos lugares por un uso turístico pouco sostible.

Ano e medio despois da aprobación do Decreto 12/2017 de 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia semella que este foi insuficiente para abordar a problemática da proliferación de pisos turísticos ilegais.



Así son moitas, máis de 3000 soamente na cidade de Santiago de Compostela, as vivendas ilegais que se ofertan cada día neste país.

Ante esta situación, o Parlamento insta á Xunta de Galicia a

1. Presentar, antes de que remate este ano, un informe detallado que inclúa o número de vivendas turísticas legalizadas á luz do devandito decreto, respecto aos concellos nos que se sitúan. Así como os datos que ten a Xunta respecto aos pisos ilegais, as inspeccións realizadas e os expedientes sancionadores abertos.
2. Modificar o devandito decreto para que :
 - a) nos anuncios de alugueiro, sobre todo nos que se atopan nas plataformas web, se publique o número de rexistro de cada vivenda.
 - b) se estableza unha diferenciación entre propietarios individuais que alugan temporalmente as súas vivendas (menos de tres meses ao ano) e os propietarios de vivendas dedicadas exclusivamente ao alugueiro turístico
 - c) as vivendas turísticas localizadas en zonas especialmente sensibles, como os casos históricos protexidos, precisen dunha autorización previa dos concellos nos que se radican

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 16:24:54

Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 16:25:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Galiza de 2018 continúa a ser unha tarefa pendente a de facer unha aposta seria e decidida desde os poderes públicos para favorecer a presenza e recoñecemento das mulleres nos ámbitos científico tecnolóxicos e da investigación.

Malia contar co histórico fito do desenvolvemento do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012, o goberno de Núñez Feijóo deixouno esmorecer desde a súa chegada a goberno. Tal e como se recolle na introdución daquel Plan, foi concibido para “dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación actual respecto da desigualdade de trato e de recoñecemento das mulleres nas ciencias e nas tecnoloxías e, por outro lado, cara á posta en marcha de accións encamiñadas a conseguir unha maior presenza das mulleres nestes ámbitos en condicións de igualdade cos seus compañeiros varóns”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este Programa Galego de Muller e Ciencia tentaba contribuír a mudar determinadas formas de construír, crear e transmitir ciencia, así como de deseño de políticas científicas, de desenvolvemento tecnolóxico e de xestión da innovación. Porén, non se desenvolveu de forma suficiente para avanzar en reverter a situación de desvantaxe das mulleres en todos os tramos de facer científico e tecnolóxico e iso lastrou os avances no noso país. A día de hoxe, malia terse rematado o I Programa e terse coñecido, con anos de atraso, o II Programa Galego de Muller e Ciencia ao que se comprometera o goberno galego por iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, non consta unha avaliación específica da primeira edición.

A ausencia dunha avaliación rigorosa do I Plan é algo grave, pero é tamén grave a falta de cumprimento do II Programa e as lagoas canto á súa avaliación. Alén das cuestións da planificación deste II Programa coas que este Grupo e que dificultarán o seu éxito, máis aínda o vai dificultar a falta de rigor e seriedade na súa aplicación. Neste sentido, o II Programa indica “Elaboraranse dous informes: un informe de seguimento e outro de avaliación final” e sorprende que no ecuador da súa aplicación nada se saiba.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 17:10
Nº Rexistro: 36426
Data envío: 12/09/2018 17:10:24.511

1. Elaborar e remitir á Cámara Galega para o seu debate un informe de avaliación do I Programa Galego de Muller e Ciencia. No caso de non existir, remitir á Cámara Galega e á Unidade Muller e Ciencia así como aos organismos vencellados, un informe detallado das causas e explicacións polas cales non se fixo.

2. Elaborar e remitir á Cámara Galega, no prazo máximo de dous meses, un informe de seguimento do II Programa Galego de Muller e Ciencia.

3. Indicar en cada un destes documentos de avaliación información a respecto do gasto orzamentario executado.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 17:10
Nº Rexistro: 36426
Data envío: 12/09/2018 17:10:24.511

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2018 17:07:30

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2018 17:07:42

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2018 17:07:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2018 17:07:45

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2018 17:07:46

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2018 17:07:47

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as matrículas en Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Formación Profesional é, polo menos en teoría, unha das grandes apostas do Partido Popular en materia educativa. Tanto no que atinxe á lei educativa no Estado, a LOMCE, como para a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia que reiterou, en múltiples ocasións, a necesidade de fornecer este tipo de formación.

O constante incremento do paro xuvenil, situado xa no 26,5%, que no caso da mocidade entre 16 e 24 anos ascende ao 36,6%, así como a elevada taxa de abandono escolar temperá, fixo que moitos mozos e mozas volveran a buscar na FP unha alternativa de futuro.

Segundo os propios datos da Consellería a demanda de Formación Profesional non fixo máis que medrar dende o inicio da crise, así, entre 2009 e 2016 produciuse un incremento de case un 50% na matrícula. Sen embargo, non están todos os que son xa que o estudantado atópase con que nalgúns títulos non hai prazas suficientes. Así pasa, por exemplo, en titulacións con moita demanda como as de hostalería que no único centro integrado de Formación Profesional pública da área de Vigo, Manuel Antonio, deixou fóra a máis de cincocentos solicitantes.

É só un exemplo, xa que nos últimos anos, tanto sindicatos como ANPAS, veñen denunciando recortes de profesorado acompañados de listaxes de espera excesivas.



Porén, ao tempo, estase a dar a situación contraria con moitas titulacións practicamente baleiras. Unha ollada ás listaxes de prazas vacantes en FP xa alerta de que son varias as titulacións que teñen dificultades para encher os cupos o que, ao noso entender, é un síntoma da inadecuación da FP galega ás demandas reais da cidadanía e do propio mercado laboral.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a realizar unha planificación integral da Formación profesional que garanta unha oferta de calidade, plural, e vinculada coa realidade socioeconómica de cada territorio.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 16:45:24



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 16:45:33

Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 16:45:43



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 17:19
Nº Rexistro: 36435
Data envío: 12/09/2018 17:19:39.168

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao impulso do autoconsumo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos defendido de forma reiterada que o autoconsumo é unha alternativa que podería abrir interesantísimas alternativas para as e os galegos, tanto a nivel doméstico como empresarial.

Ademais da súa potencialidade para o aforro enerxético, a eficiencia nas redes de transporte e a redución de prezos de mercado son posibilidades que deben ser analizadas e postas en práctica tendo en conta os intereses das e dos galegos e non as presións dos intereses empresariais. Estamos a falar dun mecanismo que supón unha aposta polas enerxías limpas e pola redución das emisións contaminantes así como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade.

A posibilidade de que as e os consumidores poidan xerar a súa propia electricidade implica consecuencias transformadoras na concepción da produción e do uso da enerxía que poden ser positivas no eido económico e social do país.

Polo tanto cumpriría impulsar o autoconsumo desde os poderes públicos. Porén, o Real Decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 17:19
Nº Rexistro: 36435
Data envío: 12/09/2018 17:19:39.168

económicas das modalidades de subministro de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, tivo como orientación principal a de impedir o desenvolvemento do autoconsumo, pois o Goberno estatal impuxo unha barreira económica inxustificada ao desenvolvemento desta alternativa.

Recentemente o goberno central presidido por Pedro Sánchez após da moción de censura a Mariano Rajoy asegurou ter a súa derogación entre os seus obxectivos. Así mesmo, o xiro político experimentado por parte do Partido Popular de Galiza, centrado agora en reivindicar cuestións ao goberno central que viña ignorando, leva a pensar que pode haber unha nova oportunidade para o autoconsumo en Galiza. Corrixir o marco estatal e a indiferenza da Xunta de Galiza non compensará o tempo perdido, pero pode axudar a non ficar atrás para sempre.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno do Estado a derogación do Real Decreto 900/2015 que regula o autoconsumo e o fomento dun novo marco regulador da enerxía que permita o desenvolvemento en Galiza da autoxeración de enerxía en balance neto.

2. Constituír unha Mesa de representantes do sector privado e público, incluíndo universidades e centros de investigación enerxética, para cooperar no impulso ao autoconsumo enerxético en Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 17:19
Nº Rexistro: 36435
Data envío: 12/09/2018 17:19:39.168

3. Diseñar un programa de impulso da autoxeración de enerxía establecendo o asesoramento do INEGA así como unha liña de axudas e créditos para incentivar a súa instalación.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2018 17:18:14

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2018 17:18:18

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2018 17:18:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 17:19
Nº Rexistro: 36435

Data envío: 12/09/2018 17:19:39.168

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2018 17:18:21

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2018 17:18:22

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2018 17:18:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as demandas da comunidade educativa do colexio Padre Feijóo de Allariz

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de xullo a comunidade educativa do colexio Padre Feijóo de Allariz véñense mobilizando para reclamar o cumprimento da ratio establecida legalmente en función da cal, 25 é o número máximo de alumnado por aula. Porén, neste centro cóntanse en 51 as nenas e nenos matriculados en 4º de infantil e só se estableceron dous grupos.

Nestes meses as familias puxéronse en varias ocasións en contacto coa Consellería de Educación, sen éxito. E é que, malia todo o malestar, a Xunta de Galicia insiste no incumprimento da taxa legal e en desoír as demandas da comunidade educativa.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a cumprir a taxa legalmente establecida garantindo unha terceira aula de 4º de infantil.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 17:42:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 17:42:17

Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 17:42:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á cobertura de baixas no inicio do curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta de Galicia. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia que, este ano, terán que agardar para que as prazas de mestres baleiras sexan cubertas.

Así, tal e como denuncia o sindicato STEG, en base a criterios de aforro económico, para cubrir as baixas do persoal docente non se fará efectivo o chamamento ata o día 12 de setembro. Deste xeito o persoal chega sen tempo ningún para a preparación do curso, nin para coñecer as necesidades do alumnado. nin para coordinarse co resto de cadro de persoal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a cubrir as baixas coa maior celeridade posible de xeito que se garanta o mellor funcionamento no inicio do curso escolar.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 18:07:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 18:07:16

Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 18:07:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Cando o presidente Núñez Feijóo dixo o pasado 15 de decembro que “as administracións teñen o deber de facilitarlle ao Celta, que é un club de primeira, unhas instalacións da súa mesma categoría”, estaba agochando, interesadamente, a intención do Real Club Celta de Vigo de que as administracións lle facilitaran a construción dun centro comercial que resposta exclusivamente a intereses económicos especulativos.

A construción dunha nova cidade deportiva nun monte comunal do concello de Mos limítrofe co termo municipal de Vigo, únese a intención de construír un centro comercial no monet comunal da parroquia de Tameiga (Mos), que conta cun importante movemento veciñal que xa manifestou a súa oposición.

Esta nova cidade deportiva do Celta en Mos está a ser tramitada polo concello mediante unha modificación puntual do seu plan de urbanismo, aprobado hai pouco máis dun ano. O proxecto prevé máis de 850.000 metros cadrados de monte, a metade de propiedade comunal, para outorgarllos en concesión ao Celta, que construírá neles un centro comercial de 120.000 metros cadrados co que facer viables economicamente as súas instalacións deportivas, e a súa posible venda que xa se intentou sen éxito no pasado.

Polo tanto, o proxecto ten dúas afeccións que consideramos moi negativas para o tecido social e económico e os recursos medioambientais; tanto da zona directamente afectada no concello de Mos, como do conxunto da área urbana de Vigo. Por un lado o impacto

Grupo Parlamentario

medioambiental moi negativo, sobre os recursos forestais, a paisaxe e o subministro de auga; e por outro, o impacto económico do centro comercial sobre o pequeno comercio do conxunto da área urbana, especialmente en Mos, Vigo, O Porriño e Redondela.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter unha posición contraria aos intereses privados especulativos na solicitude de modificación puntual do planeamento na parroquia de Tameiga no concello de Mos, que permitiría recualificar terreos de especial protección forestal para a contrución dun centro comercial, expropiando os terreos a pesar da oposición dos comuneiros da parroquia.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/09/2018 18:07:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/09/2018 18:07:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2018 18:07:37

María Luisa Pierres López na data 12/09/2018 18:07:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2018 18:07:46

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

*A protección do patrimonio debe entenderse como unha consecuencia principal da función social do dereito de propiedade, segundo o establecido no artigo 33 da Constitución española, pero non pode ser entendida como un límite que a baleire do seu contido esencial. Tampouco esta protección pode ser un obstáculo inmotivado á libre iniciativa económica, recoñecida como liberdade de empresa no marco da economía de mercado no artigo 38 da Constitución española. Ó contrario, debe entenderse tamén como un elemento de dinamización económica e social e creadora de riqueza, prosperidade (...) **Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.***

Con estas premisas parece acaído que a Administración se implique e impulse a rehabilitación do Patrimonio cunha administración áxil e eficaz, cunha visión tamén aberta e nova.

Entre outras cuestións, achegar a administración ao administrado, e velar pola eficiencia e adaptación aos tempos dos servizos públicos é unha das obrigas da Administración pública.

A evolución tecnolóxica facilita hoxe en día a implantación das tramitacións electrónicas, os rexistros e sinaturas dixitais, as secretarías virtuais, así como plataformas dixitais nas que facer pública a tramitación de expedientes, as licitacións, as convocatorias, etc. sendo ferramentas xa familiarizadas e presentes moitas delas en diversos organismos dependentes das administracións do estado, autonómicas ou municipais.

Grupo Parlamentario

A mellora nas tramitacións que facilitan estas ferramentas é incuestionable, así como favorece a transparencia para a cidadanía e a trazabilidade no seguimento dos expedientes.

Sen embargo, detéctanse servizos específicos dependentes da Xunta de Galicia cun funcionamento deficiente, coma é o Servicio de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o cal informa sobre todos os proxectos que afectan a edificacións ou construcións de diversas tipoloxías con algún tipo de protección ou en contornos con algún tipo de protección en todo o ámbito da provincia de Pontevedra.

Un servizo que recibe entre 2.000 e 2.200 expedientes cada ano, moitos deles de gran complexidade e relacionados coa rehabilitación de edificios históricos, acumulándose e provocando retrasos de varios meses ou incluso anos nalgún caso na súa tramitación. Isto provocou que en xuño de 2017 a propia xefa, naquel momento, do Servicio de Coordinación da Área de Cultura en Pontevedra asegurase nun medio ser consciente da existencia dun problema, o que a levou a anunciar a incorporación “dunha ou dúas persoas”, ademais de recibir apoio desde Santiago para tramitar algúns dos expedientes máis complexos co obxectivo de “poñerse ao día”.

Desde ese anuncio a situación segue a adolecer de moitos problemas que teñen manifestado tanto promotores, particulares ou mesmo institucións como as entidades locais, así como os técnicos redactores de proxectos afectados por unha protección.

Problemas como:

1. Demora insostible na tramitación de expedientes.
2. Falta de trazabilidade, transparencia e acceso dos axentes implicados aos expedientes para coñecer o seu estado de tramitación.

Grupo Parlamentario

3. Omisión do técnico/a asignado ó expediente así como discrecionalidade e falla de criterio único na emisión dos informes.

4. Emisión dun único informe, sen posibilidade de consulta previa nin de recurso no servizo provincial, o que leva a que ante unha disconformidade tan só cabe a remisión do asunto a Santiago a nivel autonómico, opción que se demostra totalmente ineficaz.

Esta ineficacia e carencias detectadas neste servizo provincial está a provocar graves consecuencias, provocando non só prexuízos económicos ós promotores, contratistas e técnicos que forman parte do proceso construtivo, senón a indefensión total e perda do Patrimonio, e pola demora insostible nos informes e resolucións que provoca o desistimento de moitos promotores para continuar co expediente de rehabilitación ou recuperación dun inmovible protexido.

Por todo o exposto, e porque o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia cree firmemente no importante de protexer e favorecer a recuperación e correcta conservación do noso Patrimonio, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Impulsar medidas urxentes para a mellora dos tempos na emisión dos informes dependentes do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra.
- Poñer en marcha medidas de transparencia e de mellora da trazabilidade dos expedientes, coa implantación dunha plataforma dixital que permita o seguimento da tramitación.
- Implantar nos diferentes Servizos Provinciais de Patrimonio Cultural un mesmo criterio de actuación para evitar a discrecionalidade na emisión de informes, e en liña co espírito indicado no preámbulo da Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.

 Grupo Parlamentario

- Fomentar e facilitar o diálogo cos promotores dos expedientes, tanto na fase de tramitación e resolución, como incluso na previa á entrada ó servizo.
- Incorporar nos orzamentos do 2019 unha partida que prevea a dotación dos concellos dos medios técnicos e económicos suficientes, previa sinatura de convenios previos coa administración autonómica, que lles permita autorizaren, no ámbito do patrimonio cultural, as intervencións nos monumentos, xardíns históricos, sitios históricos, xacementos ou zonas arqueolóxicas, vías culturais, lugares de interese etnolóxico ou conxuntos históricos a aqueles que cumpran os requisitos establecidos na Lei 5/2016, do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, e a Instrución do 8 de novembro de 2017.

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/09/2018 18:24:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2018 18:24:40

María de la Concepción Burgo López na data 12/09/2018 18:24:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/09/2018 18:24:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2018 18:24:57

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á cobertura de baixas no inicio do curso escolar do profesorado de Secundaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Do mesmo xeito que aconteceu co persoal de primaria, vimos de coñecer que a Consellería retrasa o máximo posible a incorporación do persoal docente nos centros de secundaria.

Así, a Consellería vén de publicar na súa web, con data de 12 de setembro, as instrucións relativas a esta toma de posesión, onde indica que as mesmas só terán efectos administrativos con data de 17 de setembro.

Isto implica, tal e como denuncia o sindicato STEG, que o suposto aforro económico teña un impacto directo sobre a calidade educativa nos centros galegos, toda vez que o persoal chega sen tempo ningún para a preparación do curso, nin para coñecer as necesidades do alumnado. nin para coordinarse co resto de cadro de persoal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a cubrir as baixas do persoal docente de secundaria, coa maior celeridade posible, de xeito que se garanta o mellor funcionamento no inicio do curso escolar.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 18:36:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 18:36:29

Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 18:36:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

As obras na ponte de Rande seguen sendo actualidade máis de oito meses despois da inauguración oficial na que participaron M. Rajoy como presidente do Estado, o ministro de Fomento, o señor De La Serna, a presidenta da Mesa do Congreso Ana Pastor, o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijoo, o vicepresidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda ou a conselleira Ethel Vázquez.

Dende ese día numerosos son os usuarios que alertan da intranquilidade que a mesma ofrece en termos de seguridade. Existe ademais certa intranquilidade nos usuarios sobre como se van resolver as posibles incidencias que se poidan dar neses carrís únicos por alcances, avarias, sinistros, sen provocar máis accidentes ou problemáticas.

Por outra banda, as afeccións na Parroquia de Chapela seguen sen estar resoltas, cuestión que tamén nos indica que os gobernos do PP atenden primeiro os intereses das empresas amigas e despois quizais os da cidadanía.

A ponte de Rande da AP-9 ampliouse a tres carrís por sentido para axilizar o tráfico e evitar os atascos que de xeito recorrente se producían nela por accidentes que colapsaban os seus anteriores dous carrís por sentido ou pola elevada afluencia de tráfico procedente de Vigo cara ao Morrazo en días non



laborables e, especialmente, cando fai bo tempo, máis dende a súa inauguración, os atascos son moi habituais provocando gran malestar entre a cidadanía.

Os usuarios e usuarias da autoestrada AP-9 leváronse unha enorme sorpresa fai poucos días ao entrar en Rande en dirección ao Morrazo. Ao acceder á ponte atopáronse cun inesperado resalte de caucho. Condutores denuncian o perigo que supón a súa instalación, xa que teñen que frear sen agardalo ao entrar na ponte e notan o salto do vehículo nun tramo onde se pode circular a 80 quilómetros por hora.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un informe sobre as afeccións á cidadanía provocadas polas obras na Ponte de Rande.
- Elaborar un informe sobre a seguridade na Ponte de Rande durante os meses posteriores á inauguración oficial da obra.
- Unha vez realizados os informes esixir a Fomento que aplique as sancións pertinentes a AUDASA polo nefasto servizo que ven ofrecendo, acentuado nos últimos meses.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 12/09/2018 19:19:47

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 19:19:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Este verán incrementáronse as mortes nas estradas galegas, xerando unha tendencia que comeza a ser alarmante despois de anos de tendencia á baixa.

Galicia é a segunda comunidade con maior aumento do número de falecidos nas súas vías durante xullo e agosto, con 21 persoas mortas, 11 máis que no mesmo período de 2017.

Fai uns meses a Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Ethel Vazquez, compareceu no Parlamento de Galicia presentando o Plan 2016-2020 de seguridade viaria de Galicia.

Tendo en conta este alarmante incremento de falecidas nas estradas galegas, e que chega nun contexto previo no que os datos de sinistralidade en Galicia xa se atopaban entre os máis altos do Estado, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un novo plan de seguridade viaria para Galicia.
- Adecuar as normativas das estradas titularidade da Xunta ao tipo de vía.



- Adicar orzamentos suficientes nos seguintes exercicios para realizar as actuacións necesarias.

Santiago de Compostela 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 12/09/2018 19:41:14

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 19:41:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O dereito á autonomía reprodutiva é un dereito básico que no noso País non se está respectando.

O feminismo conseguiu visibilizar a violencia obstétrica que padecen numerosas mulleres, e é un dos axentes centrais na defensa do dereito ao aborto.

As limitacións no cumprimento deste dereito moitas veces veñen dadas pola falta de desenvolvemento e posta e práctica da normativa existente, ou pola ausencia de vontade política.

Precisamos que a maternidade sexa sempre libremente elixida, e que a interrupción voluntaria do embarazo se realice con garantías na sanidade pública. A derivación sistemática cara a sanidade privada debe rematar. A escusa que en ocasións se da para xustificar estas derivacións é a obxección de conciencia dalgúns profesionais, polo que compre regular esta cuestión para que nunca vaia en detrimento dos dereitos das mulleres.

O 23 de novembro do ano 2016 aprobouse nesta cámara unha iniciativa para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en tódolos centros da rede sanitaria pública e os dereitos reprodutivos das mulleres do rural. Nesta iniciativa aprobábase a creación de dous centros de referencia no

país para a atención da interrupción voluntaria do embarazo, un na zona norte e outro na zona sur, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os “Dereitos reprodutivos e sexuais”-recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. Que se fornecera ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquiredanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. E que se dotaran os concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centro de Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.

Na actualidade, case dous anos despois, non se coñece ningún avance neste sentido.

Outro dos temas nos que nos queda moito por facer é no relativo a educación en materia de sexualidade e reprodución, así como no coñecemento e acceso aos métodos anticonceptivos. Neste último apartado compre sinalar que en abril de 2018, recollíase na páxina web do Sergas o folleto “O método anticonceptivo”, do ano 2010, no que se describen moi brevemente distintos métodos anticonceptivos, incorporando como método axeitado o coito interrompido, ou métodos baseados no coñecemento da fertilidade. A divulgación que se realizaba neste era absolutamente escasa, sesgada e con datos moi cuestionables, como que a “marcha atrás” teña unha eficacia do 73 ao 96%.



Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que inicie os trámites necesarios para derrogar a Lei Orgánica 11/2015, do 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo, e a Lei 41/2002, do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica para estender a capacidade de outorgar o consentimento para a interrupción do embarazo ás mulleres de 16 e 17 anos, equiparándoas ao réxime xeral aplicable ás mulleres maiores de idade establecido no Código Civil e, por tanto, deixando tamén nas súas mans a decisión de comunicalo ou non aos seus proxenitores.
2. Aplicar de inmediato o acordo parlamentario tomado o 23 de novembro do ano 2016 para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros da rede sanitaria pública e os dereitos reprodutivos das mulleres do rural.
3. Garantir que a educación afectivo sexual sexa obrigatoria no currículo escolar.
4. Levar adiante campañas de formación sobre métodos anticonceptivos actualizados e completos.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando



Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 10:16:15

Marcos Cal Ogando na data 13/09/2018 10:16:22

Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 10:16:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36655
Data envío: 13/09/2018 12:11:31.791

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética é unha obriga de futuro diante da que Galiza ve limitada a súa capacidade de decisión e intervención tanto pola falta de soberanía como pola incapacidade voluntaria dun goberno que non actuou de forma anticipada para prepararse ás esixencias do marco comunitario.

Cómpre recordar que no noso territorio temos a presenza de dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado: a de Meirama, posta en marcha en 1980 e máis a das Pontes, sendo postos en marcha os seus diferentes grupos a partir de 1976. Esta forma de xeración ten un importante impacto no medio ambiente debido á alta emisión de CO₂ e de gases causantes de acidificación. Reducir este impacto é importante pois, alén das obrigas legais, repercutiría na minoración dun impacto innegable no medio e na calidade do aire. Algo que sofren s e os galegos, especialmente destas comarcas, malia non obteren beneficios de pertencer a unha comunidade co papel de produtora enerxética. Polo tanto, a aposta tecnolóxica pola redución destas emisións así como a modernización de cara a unha futura e necesaria transición enerxética debe ser unha preocupación dos poderes públicos, tanto no control e esixencia ás empresas privadas como no diálogo para que a súa execución sexa en tempo e forma.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o goberno da Xunta de Galiza ten estado ausente destas dúas funcións. O tempo pasa e os obxectivos fixados para 2020, aos que o Estado Español se comprometeu a nivel europeo, están cada vez máis cerca. Neste sentido, o Ministerio para a Transición Enerxética ten anunciado negociacións coas Comunidades Autónomas diante do cronograma de cumprimento das obrigas europeas así como da expectativa da posíbel descarbonización durante a próxima década.

A falta de impulso dunha política enerxética coherente e estábel por parte do Estado e da Xunta de Galiza non ten derivado na ausencia dunha planificación propia para un programa galego de transición enerxética. Así mesmo, non garanten a día de hoxe a adaptación das térmicas galegas a estes parámetros, especialmente no caso de Meirama. A non adaptación nesta fase de transición podería traer consecuencias graves en varios planos, dunha banda a improvisación a respecto de como resulta para Galiza o mapa de produción, doutra banda en termos de postos de traballo e de impacto en comarcas de por si nun proceso socioeconómico complexo.

No futuro inmediato, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é urxente tanto que se teña en conta a voz de todos os sectores implicados, con especial atención ás e aos traballadores, así como unha planificación conxunta, de país, diante non só da cuestión concreta do cumprimento dos obxectivos de 2020 senón de cara ao deseño de transición enerxética que debe acometerse no futuro. Unha posición aínda máis necesaria se temos en conta a marxinación de Galiza nos Plans da Minaría, por incumprimento e, no caso do vixente, por exclusión. Unha exclusión que pon en perigo a obtención de fondos no presente, fondos que saen dos impostos das e dos galegos e galegas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Promover unha Mesa de Negociación co goberno central na que, ademais da propia Xunta, estean presentes o Concello de Cerceda, o Comité de Empresa da Central Térmica de Meirama e as Centrais Sindicais, para tratar da concreción e dos prazos de execución para a adaptación desta Central Térmica aos requisitos da Directiva de Emisións Industriais.

2. Constituír un Grupo de Traballo para a Transición Enerxética de ámbito galego no que se impliquen as administracións, centros de investigación e desenvolvemento económico e enerxético, e colectivos sociais pertinentes, de cara a definir e deseñar a planificación para o modelo galego de transición enerxético a aplicar na próxima década.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 12:09:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36655
Data envío: 13/09/2018 12:11:31.791

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 12:09:41

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 12:09:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 12:09:44

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 12:09:46

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 12:09:47

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Concello de Allariz, situado en Ourense, ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10 000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

A pesares desta situación, dende o Grupo Socialista coñecemos, a través dos pais e nais afectados, a resolución da Consellaría de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijoo de Allariz no segundo ciclo de educación infantil.

Esta decisión incumpre o establecido *no artigo 4 a) da Orde do 12 de marzo de 2013 que desenvolve o Decreto 254/2012, de 13 de decembro*, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*), no segundo ciclo de educación infantil e primaria o número de alumnos e alumnas que determinarán a unidade escolar é de 25.

A día de hoxe constan matriculados e matriculadas 51 alumnas e alumnos e, polo tanto, excédese o baremo legalmente establecido na orde (sen contarmos aínda coas posibles matriculacións que se poidan producir en setembro e o longo do curso).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en cumprimento da normativa vixente, abrir de maneira inmediata unha terceira aula para o cuarto curso de infantil no CEIP Padre Feijoo de Allariz.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Manuel Luís Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 13/09/2018 12:40:23

Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2018 12:40:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2018 12:40:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/09/2018 12:40:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2018 12:40:52

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Casa do Mar de Mollabao, en Pontevedra, leva meses colapsada debido aos recortes en persoal. Esta situación está a xerar enormes dificultades aos mariñeiros de Pontevedra, Combarro e Marín, xa que debido a isto non logran realizar o recoñecemento médico obrigatorio previo a realizar un embarque.

En ocasións resulta imposible que se lles atenda telefonicamente para poder solicitar cita previa, obrigando a desprazamentos que fan perder recursos económicos e tempo .

Ante esta situación, algúns mariñeiros optan por chamar e desprazarse ao centro sanitario de Vigo, o que provoca que este se vexa prexudicado, xa que xa a derivación de usuarios provoca que as listas de espera cheguen ata mes e medio.

É urxente solventar esta situación para que os/as traballadores/as do mar poidan ter unha mínima planificación. Esta situación débese ao recorte de persoal, xa que con anterioridade podían pedir cita de acordo cos tempos de embarque e situación laboral concreta.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a repórter a totalidade dos cadros de persoal dos que se ten prescindido, de forma que se garanta a normal atención ao usuarios e a superación do actual colapso que sofren as casa do Mar de Pontevedra e Vigo.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Julia Torregrosa Sañudo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 13:04:46

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:04:55

Carmen Santos Queiruga na data 13/09/2018 13:05:06

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os últimos datos feitos públicos indican que o número de milmillonarios en España segue aumentando. Concretamente, o número de milmillonarios aumentou dende o ano 2008 nun 59% no conxunto de España e no ano 2017 este incremento foi do 10,9% con respecto ao ano 2016, pero ademais, o patrimonio destes milmillonarios incrementouse nun 12%. Isto é, non é que soamente aumentara o número de milmillonarios senón que tamén aumentou o volume de patrimonio que ostentan. Polo que se observa a través destes simples datos, o proceso de concentración de riqueza sigue avanzando a un ritmo moi intenso.

Ao mesmo tempo, estas porcentaxes son coherentes coa evolución da desigualdade a nivel mundial e particularmente a nivel do estado español, que ven caracterizado por ser un dos estados da UE con maior nivel de desigualdade social. Esta desigualdade vai vinculada, en parte, a un proceso de transformación fiscal que prima ao capital fronte ao traballo e que provoca polo tanto unha concentración continua da riqueza nas rendas mais altas da sociedade. Isto é, non é que soamente o sistema fiscal actual procure unha maior recadación a través das rendas de traballo en substitución das rendas do capital, senón que existe unha profunda intensificación dese proceso.



Unha peza clave dos sistema fiscais como mecanismo de redistribución é o imposto que trata de gravar os grandes patrimonios e que nos últimos anos, debido a espiral competitiva imposta por aquelas Comunidades Autónomas con alta capacidade fiscal e que teñen como obxectivo atraer aos grandes patrimonios do conxunto do Estado, como é o caso da Comunidade de Madrid, o imposto de patrimonio foi reducindo a súa importancia e o seu peso na recadación total. Deste xeito, mentres que no ano 2008 o imposto do patrimonio en Galicia chegou a representar o 2% dos ingresos totais derivados de impostos directos e indirectos da Xunta, no ano 2016, tal imposto representa o 1,3% dos ingresos por impostos directos e indirectos da Xunta.

Ante o constante aumento do patrimonio, e especialmente ante a concentración que se está a producir dos grandes patrimonios, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a revisar o imposto de patrimonio en Galicia co obxectivo de que este actúe como un mecanismo capaz de desinhibir a concentración de riqueza e fomente unha maior redistribución da mesma.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 13:22:48

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:22:57

Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 13:23:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Un informe publicado recentemente, sobre as horas extra traballadas, ten como principal conclusión que o total de horas extra traballadas durante un ano ten un custo anual que equivale a contratar a mais de 101.850 empregados durante un ano abonando o salario medio en España. Por tipo de xornada, 86.572 traballarían a xornada completa, mentres que 15.278 traballarían a xornada parcial.

En Galicia, o custo para as empresas destas horas extra equivale a 161 millóns de euros, cun custo por hora media de 21,13 euros, e supoñería a contratación de 5.800 novos profesionais. Isto supón un feito moi relevante tendo en conta o número de ocupados en Galicia.

Pero ademais esta elevada acumulación de horas extra ten diferentes connotacións negativas, tanto para a economía en xeral como para o traballador en particular. Isto é, por unha banda está constatado que unha crecente acumulación de horas extra deriva nunha menor produtividade e por outra banda, a acumulación de horas extra supón un aumento da sinistralidade, a imposibilidade de poder conciliar coas súas respectivas consecuencias persoais e familiares, aumento das enfermidades profesionais asociadas a unha maior carga de traballo ou aumento das incapacidades temporais entre outras.



Ante o exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Intensificar as inspeccións de traballo co obxectivo de que as empresas cumpran coa normativa laboral en relación ao cumprimento das horas extraordinarias anuais permitidas.
2. Garantir mediante as inspeccións o cumprimento de toda normativa laboral por parte das empresas así como facilitar a contratación de novas persoas ocupadas.
3. Garantir o cumprimento da lei 39/1999 de 5 novembro de conciliación de vida familiar e laboral de persoas traballadoras.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 13:37:02

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:37:08

Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 13:37:17

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O proceso do BREXIT trouxo como consecuencia a supresión do Laboratorio Comunitario de Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos, actualmente outorgado a un centro situado no Reino Unido.

Supostamente, razóns de carácter organizativas e económicas levaron á Comisión Europea e aos Estados membros a disgregar as súas funcións en catro centros por toda Europa en función dos seus cometidos e especialidades, entre os que se atopa o laboratorio español encargado deste cometido, situado en Vigo, e que é, ademais, Laboratorio Nacional de Referencia nesta materia.

Nun futuro post BREXIT, o cometido deste Laboratorio sería dar seguimento e control ás zonas de produción, materia na que Galicia dispón dunha ampla experiencia (a través do INTECMAR), derivada da circunstancia de que a nosa comunidade autónoma posúa a maior produción de moluscos bivalvos a nivel europeo.

A necesidade de que o Goberno de España e a Xunta de Galicia aproveiten sinerxías e colaboren no cumprimento da lexislación comunitaria para o control das zonas de produción de moluscos bivalvos, motivou que Galicia se ofrecese a apoiar na realización dos cometidos encargados de alcance nacional.

Un ofrecemento que se plasmaría nun Protocolo entre a AECOSAN (responsable do Laboratorio) e o INTECMAR, no marco do que ambos acordarían coordinar accións e intercambiar coñecementos cara a unha maior eficacia nos distintos campos de acción. En concreto:

- A AECOSAN designaba ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.
- INTECMAR comprometíase a:
 - Facilitar o acceso ás mostras necesarias para a organización de ensaios interlaboratorios comparados ou ensaios de aptitude periódicos que o Laboratorio Comunitario de Referencia necesite.
 - Aceptar visitas formativas para o persoal do Laboratorio Comunitario de Referencia e compartir a experiencia xestora nas zonas de produción en Galicia coa AECOSAN.
 - Cumprir coas funcións e responsabilidades do Laboratorio Comunitario de Referencia de Moluscos Bivalvos

No momento do cambio de Goberno Central o Protocolo estaba redactado e en estudio para a súa tramitación por parte do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.

Ante o cambio acaecido no Goberno Central, o Grupo Parlamentario Popular presenta o seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social a darlle continuidade á tramitación e a adecuar definitivamente, para proceder á súa posterior sinatura e aplicación, do Protocolo entre a AECOSAN e o INTECMAR designaba ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:41:06

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:41:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:41:22

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:41:28

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:41:36

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2018 14:41:43

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:41:53

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:41:59

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Todos sabemos que en España péscase quenlla e ademais, basicamente é a frota galega quen a captura, sempre de xeito sustentable e responsable.

Actualmente xerouse certa controversia a propósito de certos ataques de grupos ecoloxistas que forzaron a determinadas navieiras a poñer veto ao transporte deste pescado. Esta situación provocou que o noso sector tivera que explicar en Bruxelas a metodoloxía que emprega o noso país na pesca deste escualo, onde se aproveita todo o corpo e que nada ten que ver coas prácticas doutros países.

Temos que lembrar que a frota galega de palangre de superficie cumpre escrupulosamente a lexislación en vigor non practicando o finning, isto é, cortar as aletas de tiburón para rendemento económico e tirar o resto do corpo pola borda, que está totalmente prohibido na Unión Europea.

Trátase dunha medida imposta pola UE, e dende este grupo entendemos que lle resta competitividade co resto de frotas, polo que o sector e a administración sempre demandou que se estendese a prohibición ao resto de frotas mundiais, entre as que algunhas é ben coñecido que si practican o finning.

A nosa frota de palangre de superficie captura tiburóns de xeito sustentable, de feito non se capturan as especies de escualos máis vulnerables e aprovéitase integramente o que se captura.

Lembremos que ademais de ser alimento, a pel utilízase para artigo de coiro e xelatina, as súas espiñas para cosméticos, provisións médicas e para fertilizantes nitroxenados, as vísceras para aceites de lubricantes, e por último, os dentes empréganse tamén para accesorios.

Recentemente déronse casos de detencións de buques en Sao Tomé e Príncipe e na República de Irlanda realizadas en base á existencia de discrepancias sobre a interpretación da normativa e da propia praxe dos buques galegos a respecto desta cuestión. Estas paralizacións deron lugar a custes para os armadores e perdas para os tripulantes, amais de xerar unha inquietudanza e incerteza debido a inseguridade xurídica que deriva desas discrepancias.

É por isto que este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que defenda a pesca de quenlla por parte da nosa frota de palangre e proceda a demandar da Comisión Europea a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohíbe a práctica coñecida como “finning”.
2. Que traballe no seno da Unión Europea para que se estenda a aplicación da normativa europea nesta materia ao resto de frots mundiais e así evitar que existan diferentes condicionantes para esta práctica pesqueira segundo a frota de cada país”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:43:39

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:43:47

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:43:54

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:43:59

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:44:06

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:44:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:44:24

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:44:30

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Ao longo deste verán foron moitas as zonas costeiras de Galicia nas que se rexistraron numerosos avistamentos de exemplares de quenlla. A praia de Rodas, o espigón de Baiona, a Ría de Pontevedra, e mesmo no Cabo Ortegal, son lugares que viron como este escualo se achegaba moi preto da costa.

Este inusual fenómeno que se vén repetindo ao longo dos últimos anos está levando a ser investigado por un grupo de biólogos. Trátase de exemplares de quenlla azul de curta idade que non superan os 80 centímetros. E resulta insólito pois é unha especie oceánica que vive moi lonxe da costa, de aí que entre a comunidade científica sorpréndase deste comportamento.

Entre as posibles hipóteses que explicarían este achegamento ás rías galegas podería estar relacionado co aumento da temperatura da auga, cambios nas condicións oceanográficas ou unha reprodución intensa en alta mar, descartando así que persigan alimento, xa que son depredadores oportunistas, e non buscan ningunha presa en concreto.

Sen embargo, en setembro deste ano, o Goberno central sorprendía ao sector ao incluír á quenlla entre as especies que requiren maior protección, o que supón abrir a porta a establecer un tope de capturas.

A realidade é que o Consello de Ministros aprobaba hai unhas semanas un acordo mediante o que se suma á modificación da Convención sobre a Conservación de

Especies Migratorias, que supón reforzar a protección de 34 especies que se consideran en perigo. Seis delas teñen a súa área de distribución en España, e entre elas está o tabeirón azul, especie obxectivo dos palangreiros de superficie galegos.

O propio secretario xeral de CEPESCA, Javier Garat, recentemente manifestou que era totalmente absurdo considerar esta especie como migratoria en situación de conservación desfavorable, pois a realidade é que se trata do tiburón peláxico máis abundante e cunha amplísima distribución por todos os océanos temperados e tropicais.

Por outra banda, lembrou que as evolucións dos comités científicos das organizacións rexionais de pesca cren que están en bo estado tanto dende o punto de vista biolóxico coma pesqueiro, e xa se están adoptando medidas de xestión para evitar que no futuro haxa sobrepesca.

Tendo en conta esta situación, e sendo conscientes de que a quenlla trátase dunha especie de rendemento económico notable para a nosa frota, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central a reconsideración da decisión de incluír a quenlla entre as especies de maior protección ao abeiro da Convención sobre a Conservación de Especies Migratorias e á elaboración de informes sobre a súa abundancia, xestión do recurso e posibilidades de captura”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:29:17

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:29:27

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:29:35

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:29:41

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:29:49

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:29:56

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:30:04

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:30:09

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 96% dos buques con porto base en Galicia faenan dentro do denominado Caladoiro Nacional Cantábrico-Noroeste. Concretamente, representa a máis de 4.250 unidades, entre barcos de artes menores, arrastreiros, palangreiros e cerqueiros, ademais doutras artes.

Este feito fai especialmente relevante a súa importancia socioeconómica para a nosa comunidade autónoma, xa que estes buques son os responsable do 84,3% das descargas do total da frota galega, o que se corresponde cun 64,2% da facturación total en primeira venda.

Neste sentido, debemos salientar que as modificacións levadas a cabo durante os últimos anos nos sistemas de xestión desta frota permitiron avances significativos no seu rendemento, xa que en 2017 presentou unha evolución positiva en descargas, cun aumento do 20,7%, e en facturación, cun incremento do 1,4%.

Por tanto, hai que sinalar que con esta tendencia evolutiva calquera cambio no modelo de actividade a realizar mediante o Plan de Xestión do Caladoiro Cantábrico - Noroeste terá especial incidencia sobre esta frota e sobre a estrutura socioeconómica do entrabado marítimo-pesqueiro galego.

En todo caso, aínda que efectivamente os resultados están sendo satisfactorios para Galicia, si é posible realizar melloras que permitan implantar medidas de flexibilización

da xestión que leven a un mellor aproveitamento das cotas, a un maior rendemento económico e a un máis claro equilibrio e sostibilidade da frota.

Por isto, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pedir ao novo Goberno de Madrid que se informe de calquera movemento ou cambio que se poida producir do actual modelo de xestión do caladoiro Cantábrico Noroeste, ao mesmo tempo que solicita que se respecte este modelo, que tan bos resultados están dando para o sector pesqueiro galego”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:31:47

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:31:55

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2018 14:32:04

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:32:09

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:32:17

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:32:25

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:32:33

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:32:39

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Son moitos os asuntos que se toman en Bruxelas que teñen unha afectación directa en Galicia, e especialmente no ámbito que nos compete, o da pesca.

Ata o de agora, Galicia sempre foi da man do Goberno central, participando nos últimos consellos de ministros da UE, acompañando á daquela Ministra Isabel Tejerina, cando se trataron aspectos determinantes para o sector, como son os TACs e cotas para cada ano, entre outros.

O Goberno de Madrid ven de mudar, logo dunha moción de censura que proclamou presidente a Pedro Sánchez, realizando importantes cambios nos seus departamentos ministeriais. Ábrese, por tanto, un período de incertidume no que se debe fixar unha postura firme en temas esenciais do sector da pesca, de grande interese para a nosa comunidade, e que conta cunha das grandes frota de España.

Así, sabemos que existen diferentes temas que se debaterán no seo das institucións europeas neste segundo semestre de 2018, que son de vital importancia para a pesca galega.

Neste momento, estamos en proceso de comezar a analizar os TACs e cotas para 2019, así como discutir aspectos fundamentais do desenvolvemento da Política Común de Pesca (PCP).

Outro asunto importante no actual momento é o da modificación do Regulamento de Medidas Técnicas, que se atopa na fase de trílogos para codecisión. Este regulamento

é o máis importante despois do Regulamento base da PCP, xa que contén as normas básicas de dimensións de redes, zonas de veda, tipo de artes....

E por outra banda, en fase inicial de discusión se atopa a modificación do Regulamento de Control, de grande interese e influencia na actividade pesqueira, xa que marca toda a política de control e trazabilidade dos nosos produtos do mar.

A este respecto, segundo consta en varias novas aparecidas nos medios de comunicación e a teor tamén de informacións transmitidas polo propio sector, o Pleno do Consello Galego de Pesca elaborou e aprobou cadanseu ditame sobre estes asuntos, nos que se fixa, por unanimidade, a postura de Galicia en referencia aos mesmos, e nos que prima a opinión e postura do propio sector acerca deles.

Todos estes aspectos son os que levan a este Grupo Parlamentario a presentar a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a toma en consideración da postura de Galicia, manifestada a través dos ditames sobre a modificación dos regulamentos de Medidas Técnicas e de Control e sobre as posibilidades de pesca para 2019 elaborados e aprobados no seo do Consello Galego de Pesca”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:34:22

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:34:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:34:37

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:34:44

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:34:53

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)
[15701 Santiago de Compostela](#)
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2018 14:35:01

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:35:09

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:35:15

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A actividade da flota que se dedica á extracción de recursos específicos (percebe, navalla, algas, ourizo e poliquetos) ven marcada pola nula influencia da potencia do motor na actividade pesqueira, xa que a embarcación é un mero medio de transporte.

A limitación da potencia pode constituír un problema de seguridade para escapar de zonas de faena sumamente perigosas como rompentes en roca ou praias, polo que se estaba negociando co anterior Goberno central a posibilidade de realizar cambios á lista 4ª (auxiliares de pesca e acuicultura) para evitar esa limitación e poder así eliminar a barreira imposta pola normativa pesqueira.

Dita negociación atopábase nunha fase avanzada. De feito, o pasado mes de maio, a *Subdirección General de Competitividad y Asuntos Sociales* expuxo, nunha reunión celebrada na *Secretaría General de Pesca*, esta posibilidade a todas as comunidades autónomas, co compromiso de aclarar a súa definición.

Consideramos que é necesario ultimar este tema co *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (Secretaría General de Pesca)* e co *Ministerio de Fomento (Dirección General de la Marina Mercante)*, como órgano competente na inscrición das embarcacións nas listas de buques e en materia de navegación e seguridade. Débeselle dotar de continuidade co fin de solucionar unha situación de inestabilidade que afecta a unha parte importante da flota galega (máis de 500 embarcacións).

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e do Ministerio de Fomento a continuación dos trámites necesarios para finalizar as modificacións normativas precisas, conforme á

negociación mantida, de cara a darlle solución a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:25:00

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:25:08

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:25:16

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:25:22

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:25:28

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:25:35

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:25:42

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:25:48

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Todos os anos, comunmente durante os meses de xuño a setembro desenvólvese a campaña do bonito, na que participan preto de 300 barcos, moitos deles procedentes dos principais portos pesqueiros do norte de Galicia.

Sen embargo, a campaña deste ano rematou antes do esperado polo sector, o pasado 23 de agosto, logo de que o Ministerio de Agricultura e Pesca dera orde de finalizala ao esgotarse a cota de 15.015 toneladas asignadas a España para este exercicio.

O propio Goberno galego recoñeceu que os datos de capturas reflicten que nesta campaña hai un nivel de consumo de cota máis elevado que en anos anteriores, o que levou a un peche anticipado da pesquería.

Por outra banda, coñecemos que desde a Consellería do Mar solicitaron xa á Secretaría xeral de Pesca a negociación de intercambios de cota con outros estados e mesmo o adianto de parte da cota de 2019, co obxectivo de continuar pescando esta especie.

En todo caso, concretamente no caso de Burela, principal porto de descargas en Galicia, a costeira non foi mala, xa que a pesar de enviar tan só a cinco barcos, captou moitas descargas foráneas, de xeito que segundo datos da plataforma Pescadegalicia descargáronse 1,1 millóns de quilos que supuxeron un valor económico de máis de 4,6 millóns de euros. Tamén, as descargas deste túnido deixaron bo sabor de boca en portos coma os de Cedeira ou Celeiro.

O propio presidente de ABSA manifestaba a complexidade desta situación, porque o habitual era faenar escalonadamente ata principios de outubro, ao mesmo tempo que recoñecía que hai moito bonito no mar.

Por todo o anterior, e vendo que existe a necesidade de planificar mellor a costeira, para que non volva a ocorrer un peche como o de este ano, ao mesmo tempo que se mellora o aproveitamento das capturas en aras de buscar un mellor rendemento económico, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia dirixirse ao Goberno central para:

1. A realización de estudos que conduzan a acreditar, diante de ICES e ICCAT, o bo estado do stock de bonito do norte e, conseguintemente, a un aumento do TAC asignado a esta especie no Atlántico norte.
2. A negociación e adopción de medidas de xestión que permitan, no marco disposto por ICCAT e da normativa europea sobre TAC e cotas, poder estender a duración da campaña e a rendibilidade económica da campaña do bonito”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:22:19

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:22:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 14:22:38

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:22:44

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:22:52

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:22:59

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:23:06

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:23:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa as actuacións da Xunta de Galicia para prever e paliar os posibles efectos da transición enerxética sobre os concellos de As Pontes e Cerceda-Meirama

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As directivas e normativas da UE, moitas delas xa trasladadas a lexislación española, sobre Transición Enerxética, xeran incertidumes sobre o futuro das centrais térmicas de carbón de As Pontes e Meirama.

A isto súmase a escalada, que se prevé siga a crecer, das poxas de dereitos de CO₂ que complica en gran medida a súa competitividade.

Estas ameazas teñen que ser convertidas en oportunidades, como xa se está a facer en moitas rexións de Alemaña, Francia ou Gran Bretaña, e por elo a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado teñen que intervir de maneira urxente para desenvolver as medidas e dotar os orzamentos para garantir o desenvolvemento futuro, económico, industrial e social dos concellos afectados e as súas comarcas. Non é asumible deixar o futuro destes concellos ao albur dunhas decisións non controlables das empresas eléctricas que xestionan as centrais, compañías controladas por fondos de inversión internacionais que só se rexen pola regra do maior beneficio.



Un informe da OIT di que por cada emprego que se perda pola transición enerxética crearanse 4 de maior calidade. A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado teñen que poñerse a traballar dende xa para que unha parte importante deses empregos poidan crearse nos concellos afectados en Galicia, é dicir As Pontes e Cerceda. Temos que liderar os plans urxentes para paliar os efectos da transición enerxética para os que haberá importantes fondos estatais e europeos, nesta liña vai a nosa proposta non de lei. Pensemos dende xa no futuro de As Pontes e Meirama-Cerceda.

Os chamados contratos da transición enerxética xa levan tempo sendo aplicados en Francia, Alemania e Gran Bretaña con enorme éxito. Impliquemos neses contratos aos concellos, entidades sociais, sindicais e empresariais para desenvolver plans estratéxicos de desenvolvemento económico e industrial dos Concellos de As Pontes e Cerceda-Meirama. Por elo solicitamos tamén na nosa PNL a recuperación dos fondos do Plan Miner paralizados polo goberno do PP no ano 2012, que estimamos en 56 M€ no caso de As Pontes e en máis de 20 M€ no de Cerceda-Meirama.

Asumir a necesidade de cambio e liderar a transición enerxética é imprescindible. Este proceso deuse de maneira exitosa en moitas rexións europeas, e tivo que ver co cambio colectivo na forma de pensar das comarcas afectadas. É necesario apostar por novos sectores económicos, que non só crean emprego local, senón que teñen un impacto directo positivo na vida da comunidade.

Este foi o caso de Loos-en-Gohelle, unha antiga comarca mineira na rexión de Nord-Pas-de-Calais de Francia, cunha poboación de ao redor de 7.000 habitantes. Despois da dedicación exclusiva á minaría de carbón durante máis de 130 anos, a rexión levou a cabo unha reconversión drástica da súa economía e apostou pola



economía verde como sector alternativo ao carbón. Entre 1999 e 2009 creáronse 350 novos empregos e a taxa de desemprego é a máis baixa da rexión.

Hai que asumir que é necesario un cambio de rumbo na economía destes concellos. Necesítase un novo modelo de desenvolvemento que mellore o anterior, que sexa máis sustentable, máis participativo, máis ecolóxico, máis racional.

Hai que asesorar aos colectivos sociais, empresariais e servizos técnicos institucionais no desenvolvemento dunha folla de ruta para estas comarcas baseada na chamada terceira revolución industrial, que ten como alicerces a produción de enerxía limpa e a economía circular.

A toma de decisións participada debe ser a guía deste proceso. Estes debates deben de servir para elaborar un diagnóstico e, a partir del, unha estratexia colectiva.

Trátase non só de describir o problema se non, moito mais importante, de expor unha solución, en forma de proposta de novo proxecto. Estas propostas poden ser presentadas a diferentes liñas de financiación da Unión Europea e do Estado. Pola súa banda a Xunta de Galicia non pode pórse de perfil a esperar acontecementos e despois poder dicir que non é responsabilidade súa o que poida suceder. Ten que ser proactiva de maneira urxente.

Tamén hai que cambiar o destino dos fondos, que non só deben dedicarse a construír infraestruturas, reenforcándoos en parte a elevar a capacitación técnica das e dos traballadores, así como das empresas.

En resumo, todos os indicadores advirten que hai que actuar e que hai que actuar xa.



Ante todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integre ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

2.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da Administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea.

3.- Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.



4.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

5.- Incluír nos orzamentos de 2019 e 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

6.- Instar a Endesa é Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira



Deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 13/09/2018 14:25:37

Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 14:25:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os recortes de profesorado na ESAD de Vigo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal docente da Escola Superior de Arte Dramático (ESAD) de Vigo anunciou a convocatoria de tres días de folga polos recortes practicados pola Xunta de Galiza nos últimos dous anos. En total a Consellaría de Educación suprimiu seis postos docentes.

Esta decisión que evidencia o desleixo do Goberno galego coa Escola e os estudos artísticos, prodúcese nun contexto de incremento do número de estudantes matriculados nos primeiros cursos e da solicitude por parte da equipa directiva de tres novas vacantes para o curso 2018/2019.

Alén disto, cómpre lembrar que a ESAD, ao igual que a Escola de restauración de Pontevedra veñen reclamando nos últimos anos a súa adscrición á Universidade, unha demanda que continúa sen ser atendida por parte da Xunta de Galiza, malia contar coa competencia exclusiva na materia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36741
Data envío: 13/09/2018 16:30:38.709

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reverter os recortes practicados nos últimos anos no cadro docente da ESAD de Vigo e garantir os recursos humanos, materiais e económicos suficientes para o correcto funcionamento do centro.

2. Iniciar un proceso de diálogo coas direccións da Escola Superior de Arte Dramático, a Escola de Restauración de Pontevedra e a Universidade de Vigo para abordar a adscrición destas titulacións ao Sistema Universitario Galego (SUG).”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36741
Data envío: 13/09/2018 16:30:38.709

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 16:25:48

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 16:25:53

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 16:25:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 16:25:55

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 16:25:57

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 16:25:58

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, María Julia Rodríguez Barreira, Jacobo Moreira Ferro, María Antón Vilasánchez, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias e Jaime Castiñeira Broz** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

A Lei do Solo de Galicia, no seu artigo 35.1. admite, dentro dos usos e actividades permitidas en solo rústico, as *“Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polo que discorren”*.

Nos últimos tempos en Galicia proliferou a instalación de proxectos de tratamento e reciclado de residuos industriais en solo rústico, para o que requiren da Xunta de Galicia a correspondente autorización ambiental integrada.

Estamos a falar de actividades susceptibles de xerar molestias no entorno, o que provoca unha forte contestación social e oposición frontal dos veciños e veciñas que residen nesas zonas agrícolas, rurais e residencias, xa que hai proxectos que pretenden o tratamento de residuos non perigosos procedentes da industria agroalimentaria, de residuos que proveñen de lodos de depuradoras de industrias agroalimentarias, esterco, puríns e outros tipos de residuos industriais, que xeran moitas molestias no entorno, fundamentalmente derivadas de cheiros e de movemento de moito tráfico de camións a diario en zonas eminentemente residenciais.

Hai que ter en conta que, tras a aprobación polo Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016 do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) 2016-2022, este documento constitúe o marco legal e folla de ruta no que se deben desenvolver as actividades de xestión de residuos industriais. Por iso, á hora de proxectar, executar e xestionar unha instalación de tratamento de residuos, debe terse en conta o establecido ao respecto no Plan.

O PRIGA inclúe un anexo específico sobre os criterios de situación para a identificación do emprazamento e sobre a capacidade das futuras instalacións de xestión que establece que a localización no territorio de instalacións relacionadas coa xestión de residuos debe estar en consonancia cos instrumentos de planificación do territorio, tomando como base criterios técnicos, ambientais, sociais e de facilidade de xestión.

Por iso, deben terse en conta determinados criterios xerais de localización das instalacións de tratamento de residuos: entre outros, que as instalacións de xestión, preferentemente, localizaranse en polígonos industriais ou en emprazamentos onde a actividade xere o menor impacto sobre a calidade do aire.

Asemade, respecto da distancia a núcleos de poboación e outras actividades e servizos, a localización proposta debe garantir a compatibilidade da nova infraestrutura cos usos existentes e a contorna, mediante a aplicación das medidas correctoras que se requiran.

Tendo en conta estas consideracións, cando unha empresa solicita a autorización para un proxecto destas características deberá xustificar a súa adecuación aos criterios de emprazamento do PRIGA e obter unha Declaración de Impacto Ambiental favorable que garanta a súa compatibilidade co medio.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos oportuno garantir que non se produzan molestias aos veciños e veciñas que residan ao carón do solo no que se pretenda poñer en marcha un proxecto deste tipo, ao igual que xa sucede na normativa autonómica para a instalación de explotacións gandeiras.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que elabore a normativa pertinente que estableza unha distancia mínima das vivendas e dos núcleos de poboación á que se podan instalar, en solo rústico, as plantas de tratamento de residuos”.

Santiago de Compostela 13 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 16:20:23

Paula Prado Del Río na data 13/09/2018 16:20:28

Gonzalo Trenor López na data 13/09/2018 16:20:44

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 16:25:06

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2018 16:26:04

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2018 16:26:23

Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2018 16:26:40

Maria Antón Vilasánchez na data 13/09/2018 16:26:59

Diego Calvo Pouso na data 13/09/2018 16:27:30

Marta Novoa Iglesias na data 13/09/2018 16:27:43

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2018 16:28:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:53
Nº Rexistro: 36753
Data envío: 13/09/2018 16:53:03.975

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a demandar do Goberno español a transferencia a Galiza dos denominados portos de interese xeral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza posúe unha situación xeoestratéxica privilexiada. No ámbito marítimo non somos periferia, moi ao contrario, somos tránsito obrigado de todo tipo de embarcacións. Foron razóns de carácter político, respondendo a un modelo centralista, que ten anulado historicamente a inmensa potencialidade do noso sistema portuario.

En Galiza existen seis portos declarados de interese xeral do Estado, baixo a dirección de cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol-San Cibrao. Estes portos son un negocio moi rendíbel para o Estado.

Algúns datos: O movemento do tránsito total de mercadorías xerado nos portos galegos de dependencia estatal, sitúa á Galiza no segundo posto do Estado español.

Se consideramos especificamente o peixe fresco, Galiza ocupa claramente o primeiro lugar, así como en peixe conxelado avituallamentos e mercadoría xeral.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:53
Nº Rexistro: 36753
Data envío: 13/09/2018 16:53:03.975

As lonxas pertencentes a estes portos, que ao non estaren transferidos á Galiza seguen a dependeren das Autoridades Portuarias, e por tanto de Madrid, xeran millóns de euros.

É precisamente este, o pesqueiro, o ámbito no que máis destaca o noso país, descargándose miles de toneladas. Tamén, e por razóns obvias, ostenta Galiza un lugar destacado no embarque portuario de automóviles para exportación, ou en número de pasaxeir@s embarcad@s e desembarcad@s en tránsito exterior.

Cómpre termos presente que en todo este tipo de operacións obtéñense importantes beneficios económicos por aplicación de taxas de atraque, fondeo, axuda á navegación, pasaxe, mercadoría, recepción de refugallos, carga e descarga, venda, concesións por instalación de naves e actividades industriais ou comerciais, e un longo etcétera.

Os cartos obtidos por estas operacións contrólanse e gástanse dende Madrid, en función dunhas prioridades nas que Galiza nunca figura.

En definitiva, a dependencia española dos portos galegos clasificados como “de interese xeral do Estado” fai perder @s galeg@s centos de millóns de euros, que alegremente pasan a fornecer as arcas do Estado español, sen retorno á Galiza.

Este modelo portuario, fundamentado na centralización en Madrid e na privatización de servizos, imposibilita calquera proxecto de futuro para o sistema portuario galego. Estes seis portos deben deixar de ser considerados como negocios rendíbeis para o Estado e pasar a ser alicerce do sistema portuario galego, de carácter público e ao servizo das grandes potencialidades que a nosa nación posúe en todo o referido ao tránsito marítimo, na súa vertente pesqueira, comercial e de servizos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:53
Nº Rexistro: 36753
Data envío: 13/09/2018 16:53:03.975

Non é posíbel desenvolver unha política portuaria merecente de tal nome, mentres sigan a manter competencia estatal, dependendo de Madrid, estes seis portos declarados de interese xeral do Estado, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a reclamar do Goberno español, a través do mecanismo contemplado no artigo 150.2 da Constitución española, a transferencia á Galiza dos portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, funcións e servizos actualmente encomendados a eles.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:53
Nº Rexistro: 36753
Data envío: 13/09/2018 16:53:03.975

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 16:49:42

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 16:49:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 16:49:47

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 16:49:49

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 16:49:51

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 16:49:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á mortalidade de polos este verán debido a vaga de calor.

Exposición de motivos

A vaga de calor de comezos de agosto deixou tras de si medio millón de polos mortos, aproximadamente o 5% do total das aves que se crían nas 800 explotacións galegas. As provincias máis afectadas foron Ourense e Pontevedra. Nalgunhas granxas destas provincias morreron ata o 20% dos animais. Tendo en conta que unha instalación avícola media conta cunhas 18.000 aves, algúns criadores puideron perder preto de 4.000 polos, co conseguinte impacto económico.

No ano 2017 o volume comercial do sector galego do polo sumou 196.000 toneladas. Isto supuxo unha facturación total de 400 millóns de euros. En termos de emprego, os 13 millóns de polos que se crían na comunidade dan traballo a 5.000 persoas. Falamos, polo tanto, dunha industria moi importante no marco do campo galego.

Manter unha explotación esixe unha inversión constante de capital, xa que non se trata só de abastecer de penso aos animais, senón que tamén hai que quentalos en inverno e refrescalos en verán para garantir o seu bo estado de saúde. Trátase dun asunto delicado e de moita importancia porque a temperatura corporal dun polo é



xa de 40 grados e non conta cun “sistema de refrixeración” como o dos seres humanos (que combatemos o calos suando). Os polos so liberan calor a través da boca.

Así, as mortes dos animais supón un duro revés económico para as familias de criadores. Só na provincia de Ourense, a vaga de calor supuxo unhas perdas estimadas de máis de 150.000 millóns de euros.

Co obxecto de evitar este tipo de acontecementos, o Real Decreto 692/2010 establece as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne. Esta norma é aplicable a tódalas granxas de produción de máis de 500 polos e fixa uns requisitos xerais para tódalas explotacións e uns requisitos adicionais dependendo da densidade da cría.

A norma establece, así mesmo, as condicións que deben reunir as explotacións (edificios, ventilación, iluminación, ruído), como deben criarse os animais (alimentación, limpeza, rexistros) e todo o relativo ao persoal ao coidado dos animais.

A responsabilidade da morte de medio millón de polos non é dos granxeiros – ningún criador ou criadora quere que os seus animais morran asfixiados–, é da consellería de Medio Rural que non se preocupou por facer cumprir o Real Decreto 692/2010. Se o tivera feito, a vaga de calor non tería tido as consecuencias funestas que agora lamentamos. O problema é estrutural e precisa solucións políticas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Analizar as causas do sucedido.
2. Informar a esta comisión das causas.
3. Sacar unha liña de axudas para dotar de medios aos criadores para que poidan acondicionar as granxas co obxecto de que algo semellante non volva acontecer.

Santiago de Compostela a 13 de setembro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sanchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/09/2018 17:05:29

Antón Sánchez García na data 13/09/2018 17:05:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Ana Pontón Mondelo, **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á venda de Itínere.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A privatización da AP-9 polo goberno de Aznar, co apoio da xunta de Galiza no seu momento, foi unha grande estafa para este país. Esta operación converteu a autoestrada máis importante de Galiza nun obxecto especulativo de fondos voitres e piratas financeiros e significou alongar as concesións e suba das peaxes, convertendo a AP-9 dunha das autoestradas máis caras de Europa e sabreando os petos dos usuarios e usuarias.

Nos últimos días estamos a asistir a un exemplo das consecuencias desta privatización, cunha intensificación da loita polo control de Itínere, concesionaria da AP-9, que enfrenta a Globalvía e á alianza entre Corsair e APG. Recentemente, o fondo holandés de pensións APG anunciou a compra de Gateway Infrastructure Investments, da participación do 5,8% de Liberbank, e do 15,5 % de Sacyr, operacións aínda sen formalizar. Posteriormente, APG e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 17:44
Nº Rexistro: 36764
Data envío: 13/09/2018 17:44:42.030

Corsair informaron de que acordaran a compra e exercitado dereitos de compra preferente para acadar o 59,2 % do accionariado de Itínere.

Doutra banda, a firma estatal Globalvia estima que ela sería a nova dona, pois a súa oferta de compra conxunta do 55,6 % de Itínere a Abanca, Sacyr e Kutxabank non pode ser contrarrestada por APG e Corsair con outra proposta a algún dos tres socios, se non que so pode ser conxunta para os tres. Así, Globalvia segue tratando de facer valer esta oferta de compra, dando por no válida a operación dos fondos de inversión. Ao tempo, fontes xornalísticas tamén informan de que Globalvia tamén comunicou que estaría disposta a acadar un acordo con APG para xestionar la AP-9 de xeito conxunto.

Trátase de diferentes operacións, exercicio de dereitos de compra preferentes, alianzas, posíbeis acordos, etc., que amosan un futuro incerto sobre a propiedade de Itinere, e xa que logo, sobre Audasa e a AP-9. Mesmo trátase de operacións que poderían ter a súa resolución no xulgado. Deste xeito, o futuro dunha infraestrutura esencial para Galiza, vertebradora do noso territorio e que comunica a cinco das sete cidades máis poboadas de Galiza dirímese entre un ou outro fondo de investimento, e mesmo tendo en conta a complexidade das operacións e as diferentes interpretacións, a propiedade de Itínere podería decidirse pola vía xudicial.

Estes movementos son de claro carácter especulativo e teñen a única finalidade de obter beneficios a curto prazo, ignorando a función social e económica da AP-9 como elemento central nas comunicacións terrestres galegas e a súa función vertebradora do país.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Dentro destes movementos, compre salientar o papel de Abanca, polo feito de que se trata dunha entidade que nace da privatización de Novagalicia Banco (NCG), na cal se destinaron 8.981 millóns de euros de fondos públicos no seu saneamento. Hai que lembrar que o prezo oficial de venda foi de 1.003 millóns de euros, pero se descontamos o custo das coberturas públicas das que se beneficiou o comprador e os créditos fiscais, comprobamos que non só non se recuperou un só euro do destinado ao seu saneamento, senón que se pagou por colocala.

Abanca levou a cabo una estratexia de desprendemento da súa carteira industrial. Así, dende o ano 2014 desfíxose de participacións en empresas como Tavex, Adolfo Domínguez, Inversora de Hoteles Vacacionales, Galega de Economía Social, Sistemas Energéticos de Ortegaleira, así como da súa participación en R. o último episodio desta estratexia é a venda –aínda non formalizada- da súa participación en Itínere a Globalvía.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza:

1. Adopta como proposta de resolución amosar a súa posición contraria a que a propiedade da AP-9 sexa utilizada como unha mercadoría de carácter especulativo por parte de diversos fondos de investimento, e as negativas consecuencias que este feito ten. Singularmente, considera unha estafa á



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 17:44
Nº Rexistro: 36764
Data envío: 13/09/2018 17:44:42.030

sociedade galega que unha entidade como Abanca, que despois de destinárense 8.981 millóns de euros de fondos públicos no seu saneamento usa as súas participacións industriais de xeito totalmente mercantilista e especulativo, e insta a cesar na venda da súas participacións na Ap-9.

2. Insta á Xunta de Galiza a posicionarse de xeito contrario a esta operación e realizar as debidas actuacións para impedir a venda da participación de Abanca en Itínere.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 17:44
Nº Rexistro: 36764
Data envío: 13/09/2018 17:44:42.030

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 17:43:22

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 17:43:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 17:43:28

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 17:43:30

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 17:43:32

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 17:43:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as medidas a tomar en materia de dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecíase o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:00
Nº Rexistro: 36773
Data envío: 13/09/2018 18:00:20.115

recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.

Galiza ten unha poboación moi envellecida, unha de cada catro persoas ten máis de 65 anos, segundo o IGE o número de dependentes medrou un 25% en 6 anos, superando xa ás 118.000 persoas. Pese a este dato, a porcentaxe de solicitudes da axudas vinculadas á Lei de Dependencia está por debaixo da media. É dicir, temos unha porcentaxe moi baixa de persoas beneficiarias, un 2,07 fronte o 2,61 do Estado.

Miles de persoas dependentes non teñen ningún tipo de axuda da Xunta. 10.000 dependentes con dereito a prestación non a están a cobrar, o 50% das persoas dependentes que precisan axuda a domicilio non a reciban e 12.000 persoas seguen a espera para obter unha praza nun centro de día, 30.000 persoas dependentes que precisan axuda á domicilio, 14.000 transporte adaptado

O Partido Popular estalle a ofrecer aos galegos e galegas unha lei da dependencia de segunda cun investimento por persoa dependente de 5.779 euros en Galiza cando no Estado a media é de 6.664, é dicir, 885 euros menos”. As prestacións ofrecidas @s usuari@s galeg@s centráronse en servizos de baixo custo tales como axuda a domicilio ou teleasistencia mentres que en servizos de maior custo como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior.

O Estado español destinou á dependencia en Galiza 84 millóns de euros, cifra moi alonxada dos 186 millóns que lle debe a Galiza e moi lonxe tamén da cifra de 140 millóns de euros que recada vía impostos, - SS, IRPF, IVE-, do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:00
Nº Rexistro: 36773
Data envío: 13/09/2018 18:00:20.115

sistema de dependencia no noso país, segundo recollen os datos da Asociación de directoras e xerentes de servizos sociais.

É preciso que o Goberno galego converta a atención á dependencia nunha prioridade política, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e demandarlle:

-O pago dos máis de 186 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.

-O financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención as persoas en listas de espera tanto para unha avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos preciso, que contemple:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dimensionamento do cadro de persoal da Consellaría de Política Social co número preciso de profesionais para eliminar a demora que existe no rexistro de solicitudes de dependencia e na realización das avaliacións e da PIA.

- Realización de todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisan, e garanta a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda no fogar e centros de día.

- Reverter todos os copagos introducidos nos recursos da dependencia.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:00
Nº Rexistro: 36773

Data envío: 13/09/2018 18:00:20.115

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 17:59:56

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 18:00:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 18:00:03

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 18:00:04

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 18:00:06

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 18:00:07

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñado, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A supresión da peaxe entre Vigo e Redondela é unha reivindicación do conxunto do tecido social, político e empresarial da comarca de Redondela, e moi especialmente da localidade de Chapela, principal poboación afectada pola recente ampliación da capacidade da AP-9.

O conxunto da veciñanza desta comarca, entende que está a sufrir unha situación discriminatoria dende que no ano 2011 o Goberno bipartito presidido polo Sr. Touriño, impulsase a eliminación do pago da peaxe da AP-9 entre Vigo e o Morrazo, coa única excepción de Redondela.

O Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, instar á Xunta de Galicia a formular no marco da Comisión para a xestión da AP-9 “fórmulas para suprimir a peaxe de Rande en condicións de uso equiparables ao tramo da AP-9 comprendido entre Vigo e O Morrazo”

Na xuntanza desa comisión, celebrada o 23 de xaneiro de 2018, a Xunta de Galicia deu cumprimento a ese mandato parlamentario, e o entón Ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, anunciaba o comezo das xestións para eliminar esa peaxe cuxo fin comprometeu na contorna do pasado verán.

Tras a moción de censura que levou á Presidencia do Goberno a Don Pedro Sánchez, o novo ministro de Fomento, o Sr. Ábalos cuestionou, con argumentos que se acreditaron falsos, o traballo realizado polo anterior executivo, anunciando o adiamento “sine die” da fin da peaxe de Rande.

Por todo elo o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirir ao Goberno do Estado a concreción do prazo e fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 17:59:13

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 17:59:23

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 17:59:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2018 17:59:58

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 18:00:06

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2018 18:00:20

Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2018 18:00:27

Marta Novoa Iglesias na data 13/09/2018 18:00:44

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2018 18:00:59

Gonzalo Trenor López na data 13/09/2018 18:01:11

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2018 18:01:19

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Soraya Salorio Porral e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A vía **Ártabra** é unha vía fundamental para a área metropolitana e nese sentido o **Goberno da Xunta** puxo en servizo dous treitos da vía **Ártabra** (7,96 km de tronco máis 1,78 km da variante de **Oleiros** e 42 M€) en plena crise e recesión económica.

A conexión da **Vía Ártabra** coa **AP-9** é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de **Oleiros, Sada e Cambre** cara a **Coruña**.

Por elo, a **Xunta de Galicia** está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a que tecnicamente se considera a única opción posible de conexión coa **AP-9**, e mantendo para una fase posterior a súa conexión coa **autovía A-6**.

O “**Plan sectorial da rede viaria da Coruña**” aprobouse no ano 2004 (DOG 20/09/04), e delegou no **PXOM** do Concello de **Cambre** o trazado da conexión da **Vía Ártabra** coa **AP-9** e **A-6**.

